



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 7. 15 de xuño -15 de xullo de 2005. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

As palabras de Blanco provocan reaccións entre os empresarios

O Secretario de Organización do PSOE asegurou que a autovía pasaría por Melide grazas á súa xestión e á colaboración dun veciño de Melide amigo seu

O socialista José Blanco ofreceu un mítin en Melide o día 11 de xuño. Nel afirmou de xeito tallante que "lo de la autovía está arreglado" e atribuíu o mérito ao seu propio traballo no goberno central e á axuda dun "amigo mío" de Melide. Estas palabras non foron do agrado de todos os alí presentes.

Pax. 8



O bo tempo dos primeiros días de xuño deu a Furelos un aspecto de verán

Moitos melidenses animáronse estes días a achegárense ata a praia fluvial

Así como a neve foi a protagonista en Melide do cambio de mes de febreiro a marzo, o sol e as altas temperaturas caracterizaron o paso de maio a xuño. Máis de 30 graos marcaban os termómetros na vila durante os primeiros días do mes de San Xoan, circunstancia que facía factible a imaxe da fotografía. Biquinis, refrescos no bar da área recreativa de Furelos e, incluso, os primeiros atrevidos mollaron os pés no río.

UXT desconvoca a folga de lixo anunciada para xuño

Redacción
Melide

O sindicato representante dos traballadores de Celta Prix anulou a folga indefinida anunciada para o 13 de xuño, xa que os responsables da empresa ingresaron nas contas dos traballadores as cantidades adebedadas trala sentenza, favorable aos empregados, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Pax. 13

O Contencioso obriga ao Concello de Melide a pagar intereses a unha empresa

Redacción
Melide

Algo máis de 12.000 euros de intereses por demora no pagamento e asumir as costas do xuízo. Ésta é a condena imposta polo Xulgado do Contencioso nº 2 de A Coruña ao Concello de Melide. Unha empresa melidense, contratada pola institución municipal para a realización dunhas obras, denunciou ao Concello por negarse a pagar os intereses derivados da demora no pagamento destas obras, de entre tres e trece meses.

Pax. 5

Editorial

ASETEM en Galicia

Nestes últimos anos, a Asociación de Empresarios Terra de Melide experimentou unha evolución en todos os sentidos; económico, empresarial, social, comunicacional e de proxección. Isto nótase na nosa comarca pero tamén fóra dela. ASETEM pasou de ser unha pequena asociación coñecida polos habitantes da Terra de Melide a ter unha relevancia considerable en todos os circuitos comerciais, empresariais e institucionais de Galicia. Fóra da bisbarra tamén contan con nós, coñecendo e dándonos a importancia que merecemos como agrupación do tecido empresarial dun territorio importante para o país galego. Formamos parte das agrupacións empresarias supracomarcais, a nivel provincial e galego e, como tal parte, estamos presentes en numerosas actividades de interese para o noso colectivo. Nos últimos meses, por exemplo, fomos invitados pola Asociación de Comerciantes de Santiago de Compostela (ACOTES) a tres ceas coloquio cos tres candidatos á presidencia da Xunta de Galicia, pimeiro con Emilio Pérez Touriño, acompañado polo Ministro de Industria José Montilla, despois con Manuel Fraga e co conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, Juan José Rodríguez Yuste, e estes días con Anxo Quintana. Os alí presentes poidemos trasladar aos tres candidatos as preocupacións e inquedanzas dos nosos asociados, é dicir, todos os socios de ASETEM tiveron voz nestes coloquios a través da representación que achegamos aos hotéis de Santiago onde se celebraron os actos. Cuestións sobre temas tan decisivos como os horarios comerciais, as grandes áreas, o comercio chinés en auxe ou a xubilación dos traballadores autónomos foron contestadas por cada un dos tres candidatos a presidir o noso goberno autonómico. Por outra parte, tivemos a oportunidade de asisitir a numerosas conferencias organizadas pola Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC), coa presenza de personaxes tan importantes como o ex-alcaldede New York, Rudolph W. Giuliani, que deu a súa visión sobre o mundo da empresa en A Coruña. Ademais, como integrantes destas conferencias, temos voz e voto nas Asembleas Xerais, e a nosa palabra conta para a elección dos distintos presidentes. Sen ir máis lonxe, asistimos á reelección de José María Seijas como Presidente da Federación Galega de Comercio. Este recoñecemento fai que tamén as organizacións sociais e políticas galegas queiran contar con nós á hora de elaborar as súas axendas. Deste xeito, ASETEM estivo invitada a un xantar con empresarios melidenses do candidato do BNG, Anxo Quintana, que quixo reunirse con nós e, especialmente, con aqueles socios que teñen empresas no Polígono Industrial, o pasado 13 de maio. Tamén a Deputación de A Coruña quixo ternos en conta, e recibimos a visita do Presidente da área de Promoción Económica e Emprego, Pablo Villamar, no local de ASETEM, no local de todos os asociados. Todo isto supón un importante avance do noso empresariado, implica un recoñecemento da nosa importancia, da nosa voz e da nosa opinión dentro e fóra da Terra de Melide, unha proxección exterior en beneficio de todos.

Tribuna de opinión

Gracias

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

O pasado 27 de maio, despois de pechar as contas de 2004 e de facer o pertinente balance na Asemblea Xeral Ordinaria, os socios de ASETEM xuntámonos, como cada ano, nunha cea de confraternidade. Sen embargo, notei algunhas diferenzas con respecto a outros anos, a primeira delas, no número de asistentes. Eu e outras persoas ficamos gratamente sorprendidos ao ver a grande afluencia de socios que encheron o comedor do Sony, en total un 40% máis que en 2004, sen ir máis lonxe. Pero ademais, o ambiente da cea tiña algo de especial que non pasou desapercibido a ninguén. Mesmo un dos invitados de honra deste ano, o Presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas, fíxome durante a cea un comentario relativo ao gran número de persoas novas que ocupaban as mesas. E é verdade, moitos dos socios de ASETEM teñen menos de corenta anos, e incluso menos de trinta. Son os novos empresarios e empresarias que garanten o futuro desta vila e de toda a súa comarca. É un orgullo para min presidir un colectivo coma este, no que a mocidade está tan presente, no que se divisa un futuro longo e prometedor. Quero felicitarvos polo voso carácter emprendedor e valente, xa que, nos tempos que corren, todos sabemos que non é fácil ser empresario, comerciante ou autónomo. Non é fácil para ninguén, pero menos aínda para os que empezan, para os que parten de cero. Se ben, tamén e certo que xuventude de hoxe está moi preparada, sabe traballar e sabe relacionarse, ten coñecementos para avanzar, para prosperar e, sobre todo, é unha xuventude botada para adiante, digna de admiración. Como presidente de ASETEM, quero agradecer unha vez máis o apoio de todos os socios e socias, así como a súa presenza na cea do 27 de maio. Con ela, demostramos a quenes non crían en nós que somos cada vez máis fortes e que, cada vez, traballamos mellor. Entre todos, conseguimos crear un tecido empresarial unido, organizado e cun futuro prometedor.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Leticia Trillo González

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños Gómez, David Barrio, Vanessa Martínez, Ángel Curtis, Lois Praderas, BNG e PSOE de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^o Pilar López

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

Festa da terceira idade

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE

A principios do mes de maio os concelleiros do grupo socialista solicitaron da alcaldía a participación de toda a corporación municipal na festa da terceira idade, entendendo que, sendo un acto do Concello, sería preciso que estivesen representados todos os grupos políticos.

A contestación foi que dende hai 19 anos só acoden a dito evento o alcalde, e o concelleiro-delegado de asuntos sociais. Sen embargo, cómpre dicir que hai quen recorda

a máis concelleiros do equipo de goberno en festas pasadas; e que no ano 1990, foi toda a corporación municipal.

Estando a maquinaria electoral do PP en marcha dende hai tempo, todos os tantos hai que aproveitálos en exclusiva, de modo que rexeitando a participación dos grupos municipais da oposición parece que a celebración e patrocinada por un único "espónsor", que leva para si todos os méritos. É imprescindible que se insista unha e outra vez en que calquera acto

público do Concello non é unha concesión graciosa e xenerosa das súas maxestades municipais, senón que sae das arcas públicas que pertencen a todos os veciños de Melide, e ás que contribuímos cos nosos impostos.

O máis lamentable é que houbo quen tentando entrar no lugar da celebración quedou ás portas. Posiblemente faga falta contratar a persoal experto en protocolo para facer cursiños de educación institucional no Concello.

Espazo reservado para o Partido Popular

Necesitamos un País Novo

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Falta moi pouco para que haxa un importante e necesario cambio neste País. Temos por diante a posibilidade de derrotar democraticamente ao PP, de xubilar a Fraga pero, sobre todo, de conseguir cos votos de todo o pobo galego que se remate dunha vez cun xeito de facer política impropio dos tempos actuais.

Chegou a hora de cambiar, non só de Presidente, senón tamén o xeito de entender a política, chegou o intre de rematar co clientelismo, co caciquismo, coa corrupción, coa inxus-

tiza, coas políticas nefastas, coa carretaxe de xente para votar, coa mentira e co medo.

Vivimos en democracia xa hai moitos anos, pero aínda quedan prácticas e costumes que non se poden tolerar. Estabamos afeitos a escoitar a Fraga e ao PP que hai que sacar á xente das casas para votar, que hai que arrincar os votos de debaixo das pedras..., en fin, o de sempre. Pero a todo isto hai que engadirlle a última petición do PP: "Hai que roubar os votos". Isto é algo moi grave, unha frase

inaceptable e noxenta nos tempos actuais.

Urxe mandar á oposición ao partido que pide o roubo dos votos. Non podemos seguir así, necesitamos un Presidente que estea realmente capacitado para gobernar e comprometido con Galiza. No BNG témolo claro: o mellor Presidente para este País é Anxo Quintana. Estamos ás portas dun cambio histórico e de ver o nacemento dun Novo País, e todos e cada un de nós vai ser protagonista dese cambio grazas á forza do seu voto.



FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
CORREDOR DE SEGUROS
Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86



Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es



A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de
Melide

Política Territorial financiará a mellora de varias beirarrúas

Serán un total de dez rúas de Melide por un orzamento de máis de 90.000 euros achegados pola Consellería

Redacción
Melide

O conselleiro de Política Territorial asinou o pasado venres 10 de xuño un convenio para a mellora de beirarrúas en Melide. O departamento encabezado por Alberto Núñez Feijoo, achegará unha partida económica de máis de 90.000 euros para acondicionar as beirarrúas de un total de dez rúas:

Palas de Rei, Travesía do Sol, Rúa Galicia, Fernández Flórez con Curros Enríquez, Alfonso Castela con Curros Enríquez, Magallanes, Alfonso Castela con Avenida de América, Amador Rodríguez, Florentino Cuevillas, Antón Fraguas e Eduardo Álvarez Carballido.

Pola súa parte, o Concello de Melide comprométese



A rúa Galicia será unha das afectadas polas obras

a achegar o documento técnico necesario, dacordo coa normativa, para acometer as obras previstas, que deberá ser aprobado pola Consellería. Ademais, deberá realizar as xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos necesarios, así

como encargarse da contratación, execución, dirección e control das obras e de constatar a dispoñibilidade dos terreos. O acordo asinado estes días parte dun acordo aprobado no Consello da Xunta de Galicia do pasado xoves, 19 de maio.

O Bloque solicita a mellora do local social de San Martiño

Consideran que se trata do local "máis abandonado e sucio" do Concello de Melide

Redacción
Melide

O BNG melidense rexistrou o 26 de maio unha moción que será tratada no próximo pleno ordinario (finais de xuño). Solicitan que desde o Concello se acondicione e mellore de maneira "urxente" o local social da parroquia de San Martiño, e que se acorde unha partida económica para as obras.

Ademais, os nacionalistas acusan ao goberno local de "discriminación con respecto a outras parroquias", xa que consideran que esta instalación é a máis abandonada e sucia



Imaxe dunha das dependencias do local

do municipio. Sinalan, en concreto, a falta dun cristal nunha ventá, a suciedade xeral e o estado dos peque-

nos locais anexos que, aseguran, "presentan un abandono total e un aspecto noxento".

O BNG di enterarse pola prensa de temas importantes para Melide

Presentarán unha moción para que se celebre unha Xunta de Portavoces mensual

Redacción
Melide

O grupo municipal do BNG critica a "falta total de información" por parte do grupo de goberno nun escrito rexistrado o pasado 6 de xuño no Concello. Nel inclúese unha moción que van presentar no próximo pleno ordinario e que solicita a celebración de Xuntas de Portavoces unha vez ao mes, así como que se lles faciliten os documentos requeridos nun prazo de 15 días. Os nacionalistas lembran no escrito que en 2004 solicitaron ata seis Xuntas de Portavoces que non se celebraron, e aseguran que só teñen coñecemento de "cuestións e temas importantes a través da prensa". Coa fin de exemplificar esta afirmación, os nacionalistas rexistraron tamén un listado coas noticias que leron na prensa durante os últimos meses e das que, aseguran, non se lles fixo chegar ningunha información ao respecto desde o Concello.

Entre elas está a do proxecto de ampliación da gardeiría municipal con corenta prazas máis, ou a da próxima instalación de contedores soterrados preto do Cantón de San Roque, para a que só resta o visto bó de Patrimonio. Aseguran que tampouco tiñan coñecemento da aprobación, por parte da Consellería de Política

Agroalimentaria, da realización do proceso de concentración parcelaria nas parroquias de Baltar e Grobas, confirmado polo departamento autonómico o pasado 15 de abril pero solicitado desde o Concello no mes de xaneiro. Do mesmo xeito, din non saber nada sobre a situación actual do punto limpo e da pranta de transferencia, nin sobre a posibilidade de ampliación do centro de saúde ou da construción dun novo.

Ademais, os nacionalistas establecen que "non se nos permite coñecer" os convenios asinados pola alcaldesa en datas recentes coa Consellería de Política Territorial e de Política Agroalimentaria, xa que as copias que solicitan dos mesmos entréganselles un mes despois, segundo afirman.

Os concelleiros do BNG quixéxanse tamén do feito de que non sexan constestados os seus escritos xa que, segundo contan, o Concello aínda non respostou a unha solicitude de Xunta de Portavoces para tratar sobre a ordeanza de telefonía móbil e sobre o regulamento de participación cidadá, presentada o día 4 de maio.

Por todo isto, a voceira do grupo, Soqui Cea, lembra á alcaldesa no escrito que "ten a obriga de manter informados aos grupos da oposición".



Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)

Política Agroalimentaria achega unha partida para obras no rural

Un total de 188.000 euros para acondicionamento de vieiros e outras melloras

Redacción
Melide

As parroquias do rural melidense veranse en breve afectadas pola realización de varias obras de mellora e acondicionamento. Un convenio asinado a mediados de maio pola alcaldesa, Ánxeles Vázquez, e polo conselleiro de Política Agroalimentaria, José Antonio Santiso Miramontes, acorda a achega da Consellería dun total de 188.000 euros para levar a cabo varias obras.

En primeiro lugar, acondicionaranse varios camiños das parroquias de San Martiño, Barreiro e Meire,

así como os vieiros Rameao-O Feal, Florida-Albite e Reboredo-San Martiño.

Por outra parte, está previsto o amaño da ponte sobre o Río Seco, na parroquia do Leboreiro.

Ademais, do total da partida achegada pola Consellería, destinarase o 12% (22.380 euros) a obras de saneamento de residuais na parroquia de A Garea. Trátase dun núcleo de poboación do rural melidense formado por 88 veciños en vivendas moi concentradas, o cal repercute nunha maior viabilidade das obras, segundo declarou a alcaldesa, Ánxeles Vázquez.

A gardeiría municipal conta cun proxecto de ampliación

O Concello quere chegar a ofertar corenta prazas máis das existentes

Redacción
Melide

O orzamento necesario para levar adiante este proxecto ascende a 113.593 euros, cantidade que a Administración Local conta obter da Consellería de Familia.

Para isto, o Concello remitiu xa o proxecto de ampliación ao departamento autonómico; un proxecto que recolle a construción de dúas novas aulas nas que poder acoller a corenta nenos máis de entre 0 e 3 anos de idade.

A día de hoxe, a gardeiría municipal conta con 59 prazas, das que anualmente se ofertan só algunhas, xa que outras quedan reservadas para os nenos



Actualmente hai sitio para 59 nenos de ata 3 anos

xa matriculados en cursos anteriores. Por isto, cada ano teñen que desviar algúns solicitantes a outras gardeirías de municipios veciños. A modo de exemplo, existen xa 41 reservas efectuadas xa para o próximo curso (rematado o

prazo o pasado 10 de maio), pero desde a gardeiría só se puideron ofertar 31 das 59 prazas.

O Concello está agora á espera da resposta da Consellería de Familia para poder comezar as obras de ampliación.

A xustiza obriga ao Concello a pagar 12.000 euros de intereses a unha empresa acreedora

Ademais, a administración local deberá abonar as costas do xuízo, celebrado en xaneiro.

A sentenza, ante a que non cabe recurso, dá a razón á empresa melidense que interpuxo a demanda por impago de intereses.

Redacción
Melide

O xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de A Coruña dictou sentenza definitiva o pasado 17 de febreiro, sete meses despois de que se admitira a trámite a demanda da empresa.

Anteriormente, a entidade demandante presentara unha reclamación administrativa no Concello de Melide solicitando o pago dos intereses correspondentes á demora no pago de varias obras para as que fora contratada. O traballo realizouse en varias fases entre os anos 1.999 e 2.001, e a tardanza nos correspondentes pagos



A demora nos pagamentos varía entre tres e trece meses

varía entre os tres e os trece meses. Todo isto supón un total de intereses de demora de 12.195,48 euros.

Sen embargo, o Concello desestimou “presuntamen-

te” a solicitude deste pagamento, segundo versa a sentenza, e a empresa presentou demanda ante o xulgado.

O pasado 19 de xaneiro tiveron lugar a vista oral coa

asistencia das partes, representadas por cadansúa avogada.

O xuíz encargado considerou “orfa de argumentos a administración demandada”, é dicir, o Concello de Melide e, polo tanto, condenouno a pagar tanto os 12.195,48 euros de intereses que debe á empresa, como as costas derivadas do pleito. A sentenza, ademais, indica que contra ela “non cabe recurso ordinario”.

O PSOE acusa o PP de desprezar os cartos dos contribuíntes

O Partido Socialista de Melide cre que este feito “constata o total desprezo” do equipo de goberno

“ao diñeiro dos contribuíntes”. Entenden que “somos todos nós quenemos pagar tantos intereses por non ter pagadas as facturas en tempo”, así como “as costas dun xuízo que se celebrou polo capricho do equipo de goberno”. Para os socialistas, este acontecemento corrobora “a mala xestión” que, segundo afirman, está a facer o Partido Popular. Ademais, aseguran que “ao PP de Melide non lle doen os nosos cartos e, en lugar de empregalos para mellorar o concello, empéñanse en gastalos en pleitos inútiles que gravan aínda máis as arcas municipais”.

Entran en vigor as novas taxas municipais

Aprobadas no pleno do 21 de marzo cos únicos votos a favor do PP, son efectivas desde o 26 de maio

Redacción
Melide

Unha semana despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), tal e como establece a normativa, entraron en vigor tres novas taxas municipais: por expedición de documentos, pola concesión de licenzas urbanísticas e por rexistro de animais perigosos.

Estes novos impostos foron aprobados no pasado pleno de orzamentos 2005, o 21 de marzo, cos sete votos a favor do equipo de goberno e seis en contra da oposición (BNG e PSOE).

O Concello de Melide prevé ingresar nas arcas municipais con cargo a estas taxas un total de 30.367 euros no presente exercicio; 18.700 por expedición de documentos, 11.300 por licenzas urbanísticas, e 367 por animais perigosos.

Esta cantidade, sumada á suba que rexistraron determinados impostos este ano (como o da IBI Urbana, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, e o da recollida de lixo), configura o 48,34% da previsión de ingresos para 2005.

En total, o Concello prevé obter destes gravámenes un total de 2.442.629 euros, é dicir, uns 220.000 euros máis que o pasado ano 2004.

Críticas da oposición

O BNG de Melide, principal partido da oposición, declarou publicamente que, na súa opinión, “esta importante suba de impostos obedece aos grandes problemas económicos do Concello melidense, que ten que facer fronte á débeda bancaria e ás moitas facturas sen recoñecer que deixou o anterior alcalde”.

TARIFAS POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS

Epígrafe primeiro: empadronamento de habitantes:

- Certificacións de empadronamento: 2,50 euros.
- Certificados ou informes de convivencia e residencia: 2,50 euros.
- Actas de comparecencias: 5,00 euros.
- Outros certificados ou informes: 5,00 euros.

Epígrafe segundo: certificacións e compulsas

- Certificación de documentos ou acordos municipais: 2,50 euros.
- Certificación de nomenclatura e numeración de soares urbanos enclavados no termo municipal: 2,50 euros.
- Certificacións sobre sinais ou situacións de tráfico: 2,50 euros.

A dilixencia de compulsas ou cotexo de documentos: pola primeira dilixencia 1 euro, polas seguintes 0,30 euros. No caso de entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de 0,10 euros por cada dilixencia de compulsas ou cotexo.

Polo bastanteo de poderes para os efectos nas oficinas municipais: 30,00 euros. As demais certificacións ou informes: 2,50 Euros.

Epígrafe terceiro: Documentos expedidos ou extendidos polas oficinas municipais:

- Por expedición de certificacións e informes en expedientes de traspaso, cambio de titularidade ou semellantes: 50,00 euros.
- Por cada documento que se expida en fotocopia, por folio: 0,10 euros.
- Epígrafe cuarto: Documentos relativos a servizos de urbanismo:
- Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 90,00 euros.
- Por cada certificación ou informe que se expida polos servizos urbanísticos solicitada a instancia de parte:
 - Con visita de comprobación: 75,00 euros.
 - Sin visita de comprobación: 30,00 euros.
- Por cada acta de aliñación de rúas, ensanches, etc.: 75,00 euros. Por expedición de copias de planos: 1,00 euro por copia.
- Polas certificacións ou informes a incluír en expedientes de solicitude de subvencións de rehabilitación, acondicionamento ou reconstrución de vivendas rurais: 10,00 euros.
- Por cada expediente de parcelación, segregación, división ou agrupación: 90,00 euros.
- Por cada expediente acreditativo da antigüidade das edificacións sobre incoación ou non de expediente de reposición da legalidade ou sancionador: 60 euros.
- Outras certificacións ou informes urbanísticos: 75,00 Euros.

Epígrafe quinto: contratación obras e servizos:

- Constitución, substitución e devolución de fianzas definitivas para licitacións e obras municipais, por cada acto: 20 euros.
- Por cada contrato administrativo que se subscriba de obras, xestión de servizos públicos, subministrados, consultoría, asistencia e servizos:
- Contratos de ata 12.050,00 euros de xestión de servizos públicos, subministrados, consultoría, asistencia e servizos; e ata 30.050,00 euros en obras: 30,00 euros.
- Contratos superiores ás contías anteriores: 60,00 euros.

TARIFAS POR LICENZAS URBANÍSTICAS

- Por obras menores cuxo orzamento de execución non sexa superior a 3.006,00 euros: 50,00 euros.
- Por obras menores cuxo orzamento de execución supere os 3.006,00 euros: 100,00 euros.
- Por obras maiores en vivendas unifamiliares: 200,00 euros.
- Por obras maiores en edificios plurifamiliares: 100,00 euros por vivenda.
- Demolición de construcións e movementos de terra: 50,00 euros.
- Pola colocación de carteis de propaganda visibles dende a vía pública: 25,00 euros por metro cadrado.

No caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán o 20 por cento das sinaladas sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente.

TARIFAS POR ANIMAIS PERIGOSOS

- Licenza de cans potencialmente perigosos: 20 euros.
- Ficha identificativa individual: 6 euros.
- Renovación de licenzas: 10 euros.
- Inscripción no rexistro APP: 15 euros.
- Modificacións ou cancelacións rexistradas: 5 euros.

O conselleiro de Política Agroalimentaria visitou dúas parroquias de Melide

Acompañado por autoridades municipais, presentou investimentos autonómicos para saneamento e concentración parcelaria nun acto electoral

Redacción
Melide

Os carteis colocados en postes e muros de A Garea, timbrados co logotipo do Partido Popular e baixo o título de "Eleccións Autonómicas", anunciaban a visita de José Antonio Santiso Miramontes a esta parroquia o pasado 7 de xuño ás 13.30 horas. Xa a partir da unha, boa parte dos 89 veciños de A Garea agardaban nos arredores do lavadoiro público (onde se celebrou o acto) a chegada do conselleiro con todo o equipo rexedor do Concello de Melide e cos alcaldes da comarca. Santiso Miramontes saudou un por un aos parroquianos alí presentes e, despois, presentou o xa anunciado investimento do seu departamento para a instalación dunha rede de saneamento de augas residuais neste núcleo de poboación: 22.380 euros. No seu discurso, quixo deixar claro que as obras no eido rural eran unha "cuestión de principios propios", xa que el foi no seu día alcalde dun municipio deste tipo



Santiso saudou un por un aos veciños de A Garea

(Abegondo). Dixo tamén que "a xente do rural é moito máis agradecida que a da cidade" e terminou a visita cun desexo: "que non sexa a última vez que veña aquí o conselleiro".

De A Garea a Baltar
Arredor das 14.10, as mesmas autoridades chegaron á Escola de Baltar, onde agardaba un grupo non tan numeroso de veciños. Alí, Santiso e o Delegado Provincial do seu departamento, Jesús Collar, explicaron aos presentes o proceso de concentración parcelaria de Baltar e Grobas, anunciado xa no mes de abril. Serán aproximadamente 195 hectáreas cun

70% de superficie agraria útil.

Nestes momentos, a Consellería está a contratar o estudo de impacto ambiental previo ao comezo da concentración, para o que asignará unha partida económica de 15.880 euros. Santiso apelou á "boa vontade" dos parroquianos para evitar posibles liortas que poidan ralentizar o proceso e, despois, quixo deixar claro que "mentres sexa conselleiro buscarei a forma de apoiar o rural de Galicia". Tras loubar a beleza da escola de Baltar, o conselleiro foi invitado a unha comida no Concello.

Finalizado o prazo de suxerencias ao PXOM

Presentáronse sobre 50 escritos, entre eles o de ASETEM con 31 propostas

Redacción
Melide

O pasado 13 de xuño dábase por rematado o período dun mes habilitado polo Concello de Melide para que os veciños achegaran suxerencias e propostas para a posterior redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

En total, foron rexistrados arredor de 50 escritos, de colectivos e particulares, que deberán ser estudados para telos ou non en conta na elaboración do Plan.

Entre eles, está o documento de propostas presentado pola Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), que recolle ata 31 suxerencias elaboradas entre os socios, tendo en conta, sobre todo, as ideas achegadas pola Comisión da Construción e a do Polígono Industrial. Entre outras cousas, ASETEM contempla a necesidade de planificar no PXOM a creación dunha circunvalación do núcleo urbano, coa fin de evitar os atascos dos domingos de feira, días de festas e épocas vacacionais. Tamén cren necesario potenciar a conservación e desenvolvemento do caso antigo mediante unha

ordenanza en canto a materiais, edificabilidade, alturas, etc. E en canto ao núcleo urbano, propoñen fomentar determinadas zonas cunha maior edificabilidade, como a de Sabián ou as proximidades das Avenidas de Lugo e de A Coruña. Suxiren tamén a creación dun maior número de zonas verdes, previsión de aparcadoiros públicos e de zonas deportivas.

En canto ao Parque Empresarial, propoñen unha proxección adecuada para a súa futura ampliación, así como o recoñecemento da agrupación das industrias próximas á área da Madanela, que existen desde antes da construción do Polígono.

Ademais, inclúen propostas sobre conservación e catalogación do patrimonio histórico e natural de Melide, sobre o desenvolvemento das parroquias rurais, etc.

Terminada a fase de propostas, o equipo redactor (empresa Monteoliva S.L.) comezará a elaborar o Plan xa que, a finais deste ano está prevista a súa aprobación inicial polo pleno da corporación municipal. Despois abrirase a fase de alegacións.

centro comercial
ares  EXPERIENCIA
Ronda de Coruña, 33 - 15007 Melide (A Coruña)
Teléfono: 981 50 53 51
www.comercialares.com

Un reto hacia el futuro.
Gracias por vuestra confianza.

Pinturas

Especialistas en Pinturas
Servicio Multicolor en melidense.

 **Muebles PAULA**

EL CENTRO DEL MUEBLE EN EL CENTRO DE GALICIA

Teléfono: 981 50 57 59
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide
15800 **MELIDE** (A Coruña)

Os horarios de peche da hostaleiría gañan unha hora para todo o ano

Palmou ratificou este acordo nunha reunión con representantes do sector e asociacións veciñais

Redacción
Melide

A nova orde reguladora de horarios aprobada pola Xunta de Galicia, que entrou en vigor o pasado 20 de febreiro, experimenta agora a súa primeira modificación. Elimínase a distinción entre horario de verán e de inverno, establecendo o primeiro para todo o ano, é dicir, os bares, restaurantes e cafeterías poderán abrir ata as 2.30, os pubs ata as 4, e as discotecas ata as 5.30. Por suposto, mantendo o aumento de media hora nas fins de semana e a outra media de marxe para o desaloxo. Isto supón un aumento total dunha hora con respecto ao horario establecido en febreiro pola orde para os meses de inverno.

A aprobación desta nova normativa a primeiros de ano xeraba malestar entre

os empresarios, a mocidade, e incluso nalgunhas administracións municipais, chegando a darse altercados violentos en varios puntos da xeografía galega. En Melide, concretamente, a medida non foi do agrado de case ningún grupo. No número 4 de Cerne, Nani e Ricardo, propietarios de pubs melidenses, definían o ambiente como “pesimista” e advertían das consecuencias negativas que podería ter a redución do horario para todos os sectores da comarca.

Agora, tanto un coma o outro consideran esta modificación como algo positivo.

“Era algo que tiña que caer polo seu propio peso”, opina Nani, “non tiña sentido a distinción entre verán e inverno porque a xente sae de marcha



Ricardo (esquerda) e Nani (dereita)

todo o ano”.

Pola súa parte, Ricardo considera que “agora si que temos unha hora máis prudente para pechar, moito mellor ca antes”, pero advirte tamén da necesidade de manter a estabilidade nos horarios, “non andar cambiando seguido, se non acabarán por marear á xente”.

A reunión da que saíu este acordo tivo lugar o pasado 26 de maio en Santiago, coa presenza do conselleiro de Xustiza, Xesús Palmou, representantes do sector hostaleiro, asociacións veciñais, de consumidores, e a FEGAMP. A unificación do horario de inverno e verán aprobouse por unanimidade.

33 solicitudes para 20 vivendas

Redacción
Melide

Un total de 33 melidenses solicitaron a concesión dunha das 20 vivendas de promoción pública de Melide.

Antes de que remate agosto, o Concello deberá ter entregado no Instituto Galego de Vivenda e Solo un primeiro listado provisional de admitidos e excluídos, que será ratificado por unha comisión provincial.

Aumenta o orzamento da Xunta para a Depuradora

Redacción
Melide

O Consello da Xunta do pasado 2 de xuño aprobou un aumento de case 780.000 euros para a redacción do proxecto, construción e explotación da Estación Depuradora de Augas residuais (EDAR) de Melide, da cal está prevista inicialmente a instalación a finais deste ano. Os 2.226.538 euros iniciais que ía investir a Consellería, pasan a ser 3.005.000 euros.

Autos Puntero, Medalla de Ouro de Melide

Redacción
Melide

O día de San Pedro, a empresa Autos Puntero recibirá esta distinción, outorgada polo Concello trala aprobación no pleno por unanimidade da proposta da Consellería de Cultura. Este departamento destacou como méritos principais a divulgación do nome de Melide a toda España e a súa longa trayectoria empresarial.

Pepe Blanco asegura que “lo de la autovía está arreglado”

A atribución do mérito á súa xestión en exclusiva provoca o malestar entre os empresarios

Redacción
Melide

O Secretario de Organización do PSOE, o monterrosino Pepe Blanco, asegurou nun mítin que a autovía pasaría por Melide. O acto tivo lugar o pasado 11 de xuño no colexio nº1 da vila e contou cunha importante afluencia de público.

Membros da Plataforma Autovía por Melide alí presentes, así como da Asociación de Empresarios Terra de Melide, consideraron pouco afortunadas as palabras de Blanco, xa que atribuíu todo o mérito do paso da autovía A-54 por

Melide, que el considera totalmente conseguido, á súa xestión e á do Partido Socialista, facendo mención exclusivamente á colaboración dun “amigo mío” que lle pediu que solucionara o problema.

Blanco afirmou de xeito tallante que “lo de la autovía está arreglado” e, ademais, anunciou que están licitadas polo Consello de Ministros as obras do tramo Lugo-Guntín (aproximadamente 8 km) desde o pasado 8 de maio.

Por outro lado, hai que lembrar que o tramo Arzúa-Palas está á espera da finalización definitiva

do Plan PORN.

A reacción

O presidente de ASETEM, José Antonio Rodríguez Álvarez, quixo “desautorizar as palabras de Pepe Blanco” e lembrou que, como tiña manifestado noutras ocasións, “estaba seguro de que saírían persoas atribuíndose todo o mérito”. Ademais, advertiu que “seguramente saíran outros” e asegurou que “a poboación non é tonta e sabe o que é mentira”. Rodríguez considera que o mérito do posible paso da autovía por Melide é “dos valentes que se arriscaron a saír nas listas negras e a

sufrir as consecuencias pensando, máis que neles mesmos, en Melide e na súa poboación nova”. Para o presidente dos empresarios, existen en Melide moitas persoas que agora se atribúen un mérito, para el, inmerecido; “arrímanse ao sol que máis quenta”, declarou.

Por todo isto, José Antonio Rodríguez afirma, como presidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide que “desautorizamos a toda persoa que venda o que nunca fixo, a calquera persoa que vaia de valente despois de ter a guerra gañada”.

Denuncian a aparición de troitas mortas no Furelos

Todo parece indicar que a causa vén dada polo peche dunha das comportas da presa, que impediu o acceso das troitas ao río

Redacción
Melide

Unha patrulla do Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) achegouse o pasado sábado 11 de xuño ata Furelos, onde puido comprobar a presenza dunhas oitenta troitas mortas na canle de derivación da presa habilitada para o baño no verán.

A recién creada Asociación de Troiteiros do Río Furelos, que denunciou os feitos ante SEPRONA e tamén ante a Garda Civil, retirou durante a fin de semana do 11 e 12 de xuño arredor de oitenta troitas, das cales a maioría, daban o tamaño legal para a captura, segundo declarou o presidente dos Troiteiros, Xavier Pazo.

Uns días antes deste singular achádego, leváronse a cabo labores de limpeza da presa, rozamento de maleza, etc. Sen embargo, segundo Xavier Pazo, non se limpou a canle de derivación, sobre a que caeron as ramas dos arbustos rozados. Ademais, pecháronse as dúas comportas da presa, que se converteu así nunha trampa mortal para as troitas que quedaron atrapadas nela, sen osíxeno e sen posibilidade de escapar.

Ésta á a tese que sostén a Asociación de Troiteiros para explicar a morte masiva destes peixes pero, a resposta definitiva terémola dentro de aproximadamente un mes, cando SEPRONA teña os resultados da análise da mostra de auga que recolleu na presa. Ademais, este organismo solicitará a información pertinente para averiguar qué persoas fixeron a limpeza da canle, se tiñan os permisos



Membros da Asociación recolleron unhas oitenta troitas

necesarios de Medio Ambiente e de Augas de Galicia, así como sobre a identidade dos encargados das chaves das comportas. Para a Asociación de Troiteiros, este acontecemento “era facilmente evitable”, tanto retirando as troitas da presa antes de facer a limpeza como deixando unha comporta entreaberta, xa que, segundo Xavier Pazo, “as troitas escaparían perfectamente se tiveran por onde”.

Por outra parte, a Asociación está convencida de que aínda hai máis peixes mortos entre a maleza que queda na canle de derivación que, se ningún os retira, experimentarán o lóxico proceso de putrefacción, coas seguintes consecuencias para a hixiene da auga destinada ao baño veraniego na praia fluvial de Furelos.

Unha asociación recién constituída

Unhas trinta persoas da Terra de Melide que gostan de practicar a pesca fluvial no Furelos decidíronse a constituír esta asociación. O seu obxectivo principal, segundo un dos seus promotores, é o de “velar polo coidado do Furelos e dos ríos en

xeral”. Por isto, a meta deste recién constituído colectivo é a de poder facerse coa xestión deste afluente a medio prazo. Actualmente, a Xunta de Galicia é a encargada da súa limpeza e conservación, pero existen outras iniciativas do mesmo tipo nas que o organismo autonómico cedeu a xestión dos ríos a asociacións, como en Monterroso ou no Carballiño.

O pasado 3 de xuño aprobaron os estatutos e elixiron a primeira Xunta Directiva no local de ASE-TEM, cedido para a ocasión. A “Asociación de Troiteiros do río Furelos” está presidida por Xavier Pazo Blanco e vicepresidada por Jorge Pazo Sánchez. Outras seis persoas máis, nos cargos de secretariado, tesoureiría e vocalía, completan este órgano de dirección.

Xa como presidente, Xavier Pazo afirmou que a primeira actividade da asociación vai ser a de levar a cabo unha limpeza do Furelos, xa que, segundo conta, nel pódense atopar “ata lavadoras e rodas de camiión”.

Agora, seguirán tamén o curso desta denuncia.

Opinión

As cousas van cambiando

DAVID BARRIO SESTO. SINDICALISTA

Hai uns días estiven invitado pola Asociación de Empresarios á cea anual que teñen cos ses asociados. Quedei tremendamente sorprendido do número de persoas novas que participaron nela, ademais da masiva asistencia dos seus socios. Que estivera presente moita mocidade significa que o tecido industrial empeza a ser movido pola xente nova, hai cambio xeracional. Estes novos empresarios ou autómonos están a crear novos negocios ou a coller as rendas dos seus maiores.

Queiramos ou non, o corazón económico da comarca estaba representado nesa cea; da súa capacidade de investimento, do seu enfoque no desenvolvemento das empresas, e da súa habilidade competitiva vai depender o futuro económico deste pobo. De todos vós vai depender o desenvolvemento desta comarca.

Que as cousas van cambiando nótase en moitos factores, pero sobre todo nesa achega á sociedade feita por esta executiva, ese novo talante que está conseguindo que esta aso-

ciación medre, que teña forza, e que xa hoxe dispoña dun patrimonio propio único en comarcas como a nosa. Un, que percorre bastantes bisbarras de Galicia, dificilmente se atopa cunhas instalacións coma as que tedes: o voso local propio, sala de reunións, oficinas administrativas, sala de xuntas, e outra serie de recursos que só teñen asociacións empresariais de grandes vilas ou cidades.

E as cousas cambiaron porque, hai dez anos, dificilmente poderíamos estar sentados na mesma mesa sindicatos e empresarios, intercambiando ideas e chegando a acordos.

Noraboa á asociación no seu conxunto, e felicitar á comisión executiva e ao seu presidente por este traballo extraordinario que xa está a dar os seus froitos. Sobre todo, noraboa por esa nova forma de optar polo entendemento e pola negociación para solucionar as diferenzas.

Sen querer caer en esaxeracións penso que, hoxe por hoxe, este colectivo é, das organizacións de carácter político e social da comarca, a que mellor se adaptou aos tempos.



**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA)**

Telf.: 981505468

A importancia de ter Denominación de Orixe

Ademais dos beneficios económicos para o produtor, a existencia dunha D.O. nun territorio implica outras vantaxes sociais que non sempre son tan apreciadas como deberan

Redacción
Melide

Cando falamos de Denominación de Orixe (D.O.), a todos se nos veñen á cabeza cousas como un incremento de valor, unha relación coa calidade, un identificador de territorio..., en definitiva, un "plus" que se lle engade a un produto e que fai que, de principio, teñan un valor engadido.

A D.O. Arzúa-Ulloa identifica a un produto concreto, que é o queixo, a unhas características concretas de tamaño, forma, materia prima, proceso de elaboración, etc., e a unha área xeográfica, que é a do interior de Galicia.

Evidentemente, un produtor de queixos que merezan a contraetiqueta da D.O. Arzúa-Ulloa ten unhas vantaxes no mercado xa que, aínda que non teña un incremento de prezo no queixo (que normalmente si o ten), terá igualmente maior facilidade



INTERNET

O Camiño de Santiago vertebra esta D.O.

de para vendelo que outro que non teña D.O. O cliente hoxe dá valor a estas etiquetas, busca moitas veces a calidade máis que o prezo e, polo tanto, estes queixos teñen máis capacidade de integración nos circuitos de compra-venda.

Pero ademais do beneficio económico, que só afecta aos produtores, unha D.O. dá prestixio social á zona da que é natural. O queixo Arzúa-Ulloa con-

verteuse nun referente identificativo de varias comarcas do interior, unha marca, algo definitorio e diferente e, por conseguinte, un reclamo turístico. Tendo en conta, ademais, que o territorio desta D.O. vertebrase a través do Camiño de Santiago desde a súa entrada en Galicia, as posibilidades de internacionalización da marca e de identificación do territorio a nivel practicamente mundial multiplícanse.

Sen embargo, segundo conta o Presidente do Consello Regulador desta D.O., José Luís Carrera Valín, "a xente non percibe estas vantaxes". Aínda existen bastantes establecementos hosteleiros e de restauración, en concellos da Denominación, que non teñen nas súas cartas un queixo Arzúa-Ulloa. "É absurdo", sentencia Carrera, "porque non hai tantos produtos típicos aos que te agarrar". O turista e o visitante buscan moitas veces algo diferente en cada lugar ao que van, algo que non poidan atopar noutro sitio, algo que teña arraigo na tradición. Na Terra de Melide, en Arzúa, na Ulloa, en Curtis, en Teixeira, etc, existe o queixo Arzúa-Ulloa pero, o dito popular versa que "cada cousa ten a importancia que se lle queira dar" e, para Carrera Valín, "hai aínda unha falta de sensibilidade con este valor".

A historia de Arzúa-Ulloa

Arzúa-Ulloa nace a partir dun produto tradicional que se elabora nunha ampla área xeográfica do centro de Galicia. Baseadas nesta tradición xorden unhas cantas queixerías na comarca de Arzúa, na comarca da Ulloa e tamén noutras zonas, como Melide. A raíz da posta en marcha desta actividade, vése a posibilidade de protexer este produto tradicional a través dunha Denominación de Orixe.

A base desta D.O. está en Arzúa, que en 1989 crea unha etiqueta para os seus queixos coa marca "Producto Galego de Calidade". Máis tarde nacen outras queixerías na comarca da Ulloa, e xorde con elas a "Asociación de queixeiros da zona da Ulloa", que se acabará unindo á marca arzuana de "Producto Galego de Calidade".

Entre todos, comezan a sentar as bases para a futura D.O, que pasan por definir unha área xeográfica ampla que poidera acoller, baixo a mesma etiqueta, ao produto das dúas zonas que levaron a iniciativa. Unha vez delimitado o territorio, que engloba á Terra de Melide e a outros concellos próximos, conseguen o recoñecemento e a marca da Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa hai agora 10 anos.

Despois, redactouse o Regulamento que establece as bases e as características que definen o produto da D.O., e púxose en funcionamento o Consello Regulador, organismo encargado de controlar que se cumpran esas bases.

Hoxe, Arzúa-Ulloa é a primeira D.O. de Galicia en produción, con case 2,5 millóns de quilos, e a cuarta de España.

O Consello precisa unha nova sede

A idea de crear un Museo do Queixo está na mente dos responsables da D.O. desde hai varios anos

Entrevista con José Luís Carrera Valín. Presidente do Consello Regulador da D.O. Arzúa-Ulloa.



O Consello Regulador da D.O. está en Melide desde que, en 1996, ASETEM lle cedera parte do seu

local en alugueiro na Ronda de Pontevedra. É un local provisional que agora precisa recambio e con urxencia.

¿Estará en Melide a nova sede?

Estou pendente dunha entrevista coa alcaldesa na que supoño que xa me dirá algo máis en claro, pero xa levamos tempo facendo xestións. O que pasa é que agora é unha necesidade que nos urxe.

¿Que hai da idea de facer un Museo do Queixo?

Na nosa intención está, pero para iso precisamos un local amplo. Sería unha

idea moi interesante polo arraigo que ten o produto á tradición, polo paso constante de peregrinos, pola atracción turística...

Fálase da posibilidade de habilitar a antiga Cámara Agraria...

Si, pero aínda non hai nada claro. É un local amplo cunhas dependencias que servirían para o Museo, pero non ten por qué ser aí, incluso podemos ter a sede en Melide e o Museo noutro lugar, nunha zona máis rural. Dependerá do interese que poña cada concello e dos recursos que poidamos ter.

¿É certo que existe interese, por parte doutros concellos, de acoller a súa sede ou o posible Museo?

Home, está claro que existe interese, porque o Consello Regulador é algo que se move, que liga o territorio co produto.

Eu imaxino que hoxe hai locais dispoñibles en calquera concello, o que hai que ter e boa vontade. Despois, se este local non vale pode haber outro sempre que haxa interese. Nós xa aportamos o contido, e o continente non debería ser o máis problemático.

Os catro concellos da comarca celebraron as súas xa tradicionais festas da terceira idade

A cuarta edición en Santiso, a oitava en Toques, a novena e Sobrado e a décimo novena en Melide. Esta última, ademais de ser a máis antiga da bisbarra, é tamén a pioneira de toda a provincia de A Coruña e, nesta ocasión, foi tamén a máis numerosa en canto a número de asistentes e a única que incluíu no acto un concurso de baile. Isto, sen embargo, non impediu que fose tamén a máis polémica.

Redacción
Melide

Toques, 28 de maio

Unhas 350 persoas reuníronse este día no pavillón polideportivo do municipio para gozar dun menú tradicional (polbo, carne ao caldeiro, lacón,...) acompañados polo seu alcalde, Xesús Ares, e por varios concelleiros do goberno e da oposición. Trala comida, sempre cómpre mover un pouco o corpo para facer ben a dixestión, e iso foi o que fixeron os asistentes bailando coa música dun dúo ata iso das sete da tarde.

Santiso, 4 de xuño

Aínda que é esta a festa máis novel da comarca, o éxito de convocatoria deste Concello foi rotundo. Uns oitocentos veciños e un bo número de autoridades reuníronse en Santiso para homenaxear á terceira idade. Ramón Villar acompañouse de outros seis alcaldes (Toques, Melide, O Pino, Arzúa, Agolada e Vedra) e de autoridades da Xunta de Galicia e do Partido Popular, como a Directora Xeral do Maior, Elisa Madarro ou o Deputado do PP no Congreso, Antonio Erias. Incluso fixo breve acto de presenza o conselleiro de Política Agroalimentaria, José Antonio Santiso Miramontes.

A música, neste caso, correu a cargo de dúas agrupacións locais: os gaiteiros "Airiños da Ponte" e a charanga "Os Amigos de Visantofña".

Sobrado, 10 de xuño

O alcalde, Jacobo Fernández, e concelleiros



Os maiores do Santiso durante a comida no Pavillon Polideportivo



Os maiores de Melide durante o concurso de baile no Pazo de Congressos

do goberno e a oposición presidiron as mesas do Pavillón Polideportivo de Sobrado dos Monxes, ao que acudiron 460 persoas para degustar un menú un tanto distinto aos demais,

xa que ademais do polbo, a empanada e o queixo, os maiores de Sobrado poideron probar a troita da súa piscifactoría.

Ademais, o Concello proporcionou autobuses para

que poideran achegarse os que viven máis alonxados do núcleo.

O baile, nesta ocasión coa música dun conxunto, puxo punto e final a esta cita anual cos maiores.

Melide, 22 de maio

Os maiores da capital da bisbarra déronse cita no Pazo de Congressos e Exposicións onde, segundo varias fontes, xuntáronse unhas 1.000 persoas. Estiveron acompañados pola alcaldesa, Ánxeles Vázquez, a concelleira de Asuntos Sociais, M^a Pilar Sánchez, a delegada provincial de Familia, Rosa Gómez, e o Director Xeral de Servizos Comunitarios Miguel Rodríguez, así como do persoal do centro social de Melide, organizador do acto.

Trala comida, houbo un concurso de baile e se entregaron trofeos para as tres mellores parellas.

A PROTESTA DA OPOSICIÓN

A polémica veu dada pola negación do goberno melidense a que asistisen á festa os edís da oposición. Tanto o PSOE coma o BNG solicitaron por escrito a invitación, pero a alcaldesa respostoulles negativamente. Ademais, tres concelleiros do BNG decidiron achegarse igualmente ata o Pazo de Congressos e, segundo afirman, non se lles permitiu a entrada. Dado que se trata dun acto institucional e non político, esta negativa provocou as críticas dos dous grupos. Por un lado, o BNG considera que o acto foi "claramente electoralista" e que supuxo "unha discriminación e unha falta de respecto cara os grupos da oposición". E o PSOE, na mesma liña, cre que esta actitude do goberno supón un "veto á oposición" coa fin de "facer propaganda".

O alcalde de Santiso non ubica o mazadoiro do liño no parque por causa do “vandalismo”

Ramón Villar contestou así nun escrito a unha das preguntas formuladas polo concelleiro de AVS Luís García Campos

Redacción
Santiso

Tal e como prometera no anterior pleno ordinario, o alcalde de Santiso contestou por escrito a unha pregunta de Luís García Campos. Éste quixo saber “onde está” o mazadoiro do liño que aparece nos planos da Área Recreativa de A Cornella, licitado e pagado cunha partida de 6.742 euros para estar colocado no cauce do río pero que, sen embargo, non está alí.

Menos dun mes despois, o pasado 29 de abril, Ramón Villar rexistrou a súa resposta. O alcalde indica ao concelleiro da oposición o lugar exacto onde se atopa o mazadoiro, nunha casa particular da parroquia de Arcediago, e explícalle o motivo polo cal non está ubicado no parque: “por considerar que no es el



Cauce do río Ulla na Área Recreativa de A Cornella

sitio adecuado por el vandalismo que pudiera causar su exposición”.

Para o concelleiro de AVS, ésta é unha resposta interesante porque “está recoñe-

cendo que non fixo o que debía”, sen embargo, a denuncia ante a Fiscalía do

Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) posta polos concelleiros da oposición segue o seu curso.

Ademais, Luís García Campos advirte que o alcalde só lle contestou onde está o mazadoiro, pero non as demais preguntas que lle fixo. En concreto, lembra que tamén lle preguntou polo paradoiro de varios paneis explicativos do proceso da artesanía do liño que, ao igual que o mazadoiro, están contemplados nos planos do Parque, licitados e pagados en catro partidas económicas. Cada unha delas é de 3.900 euros, e fan un total de 15.600 euros liquidados polo Concello de Santiso desde o ano 2001 “e dos que nada se sabe”, segundo afirma o concelleiro de AVS.

A Deputación subvenciona 19 actuacións musicais e teatrais

Destina unha partida de case 12.800 euros para os catro concellos da comarca

Redacción
Terra de Melide

A Deputación Provincial de A Coruña resolveu xa o convenio para o financiamento de actuacións musicais e teatrais durante o ano 2005, dentro do programa “Rede Cultural”. O pasado 9 de maio decidíase as cuantías achegadas a cada concello e o número de actuacións a subencionar, coa presenza do presidente do organismo, Salvador Fenández Moreda, do deputado responsable da área de Cultura, Celestino Poza, e cos alcaldes ou representantes dos 94 concellos da provincia. Á Terra de

Melide destínanse euros.

12.793,90 euros que van financiar un total de 19 actuacións, das que non se especifican datas.

Melide acolle o maioría delas, seis musicais e tres de teatro, cun orzamento de 6.394,90 euros. Séguelle Sobrado dos Monxes con seis actuacións, tres de música tradicional galega, unha de música clásica e dúas de teatro, que suman un total de 4.274,20 euros.

Toques ten programadas, dentro desta subvención, tres actuacións musicais e de baile tradicional, que teñen un custo de 1.556,10

Por último, o Concello de Santiso só vai ter subvencionada unha actuación musical, en concreto, a da Banda de Música de Arca, que supón unha partida económica de 588,70 euros.

Tendo en conta o conxunto dos concellos da provincia de A Coruña, o número de actuacións organizadas dentro do programa “Rede Cultural” medrou un 45% con respecto ao pasado exercicio 2004, ano no que se programaron un total de 881 actividades fronte ás 1.600 de 2005.

Sobrado acolle unha proba do Campionato Galego de Dominó

O 25 de xuño no Edificio de Servizos Múltiples

Redacción
Sobrado

O Concello de Sobrado dos Monxes é, por primeira vez, sede dunha das probas do Campionato Galego de Dominó, puntuable ademais para o Campionato de España. A través dos afeccionados sobradenses a este deporte de mesa, a Federación Galega de Dominó decidiu este ano organizar a proba nesta localidade en colaboración co Concello. O requisito a cumprir é o de cubrir o cupo de inscrición cun mínimo de 24 parellas.

Os interesados en participar poden inscribirse pagando unha cota de 60 euros por parella, e obtarán aos premios para os catro primeiros clasificados. A parella gañadora levará un total de 800 euros, os segundos 400 euros e os terceiros 200 euros. Ademais, cada membro da parella que quede entre os catro primeiros postos terá o seu trofeo correspondente. A proba celebrarase o sábado, 25 de xuño, no Edificio de Servizos Múltiples do Concello de Sobrado.

A reforma da barcaza de Portodemouros non é do agrado da Asociación de Afectados

Consideran que o proxecto presentado por Fenosa segue sen cubrir as necesidades dos veciños, que precisarían máis capacidade

Redacción
Santiso

Por esixencia do departamento de Augas de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Fenosa enviou o pasado 4 de marzo un proxecto de reforma da barcaza que une as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso) desde 1975. Mes e medio despois, os dous Concellos afectados recibiron este proxecto, sendo estas institucións as únicas con potestade para presentar alegacións. A Asociación de Afectados polo encoro de Portodemouros, creada hai tres anos para mellorar as condicións de servidume entre as parroquias, presentou como colectivo varias propostas na Dirección Xeral de Augas de Galicia para que sexan tomadas en conta, xa que consideran que o proxecto de Fenosa ten graves carencias.

O documento non contem-



Imaxe da barca facendo a ruta Loño-Beigondo

pla un aumento do ancho da barca (actualmente de 5 metros) para que sexa “suficiente para virar un carro do país coa súa xogada”, tal e como obriga a Orde Ministerial do ano 1975, reguladora desta infraestrutura. Ademais, propoñen á Consellería que a barca teña unha saída na mesma dirección de entrada, que evitaría a dificultade de ter que facer saír aos animais marcha

atrás.

Por outra parte, a asociación considera que as 15 toneladas de carga, sendo as que estipula a orde, non son hoxe en día suficientes para transportar algúns útiles de labranza tecnolóxicamente avanzados. Ademais, as cooperativas Melisanto e Covideza avalan esta proposta con datos reais e actualizados de instrumental agrícola moi pesado.

Os concellos lindantes co encoro quieren un catamarán

Percorrería Portodemouros nunha ruta turística de 12 quilómetros

Redacción
Santiso

Os alcaldes de Santiso, Arzúa, Vila de Cruces e Agolada maneñen reunións periódicas desde novembro de 2004 coa finalidade de instalar unha ruta turística en catamarán a través do encoro de Portodemouros.

O obxectivo é optimizar os recursos turísticos da zona e, tendo en conta que nos arredores do encoro hai oito casas de turismo rural, o alcalde de Santiso

cre que éxito da ruta en catamarán é bastante probable.

Actualmente están a debuxar o proxecto que van presentar na Dirección Xeral de Augas de Galicia. Queren que o catamarán teña unha capacidade para non menos de 70 persoas e que se constrúa un apeadoiro en cada un dos catro concellos polos que pasa. Sería unha ruta cunha duración aproximada de tres horas, nas que se percorrerían os 12 quilómetros

do encoro.

O día 23 de xuño está prevista a seguinte reunión dos catro alcaldes, á que asistirán tamén representantes do estaleiro Aister de Vigo que construíra o catamarán.

Segundo Ramón Villar, para conseguir isto faría falla un orzamento dardor dos 360.000 euros, que esperan acadar de institucións supramunicipais como a Xunta ou as Deputacións de A Coruña e Pontevedra.

UXT desconvoca a folga anunciada para xuño

A empresa Celta Prix efectuou os pagos adebedados trala convocatoria do paro

Redacción
Melide

O impago dun plus de convenio único de 300 euros por traballador, así como dos atrasos correspondentes a dous meses, foi o motivo que levou ao sindicato UXT a convocar, o pasado 20 de maio, unha nova folga dos traballadores da empresa Celta Prix, concesionaria do servizo de recollida do lixo en Melide, Santiso e Sobrado dos Monxes. Dous días despois, o 22 de maio, Celta Prix ingresaba o diñeiro requerido nas contas dos traballadores.

A obriga do pagamento destas cantidades viña dada por unha sentenza xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que o pasado 28 de marzo daba a razón aos traballadores de Celta Prix, recoñecendo a necesidade de que a empresa cumprira o acordo asinado en novembro, tras dezoito días de folga. Sen embargo, segundo fontes de UXT, a empresa só subíu os soldos a partir de xaneiro de 2005 e non desde o 1 de novembro, como versa o acordo. Ademais, Celta Prix tampouco abonara ata o de agora os 300 euros de plus lineal que comprometera no pacto que puxo fin á folga.

Ante o pagamento definitivo do diñeiro solicitado por traballadores e sindicato, os responsables de UXT valoran “positivamente a decisión adoptada pola empresa, evitando así outro conflito”. Sen embargo, tamén lamentan “ter que usar posturas de forza para que se respecten as resolucións xudi-

ciais”.

Neste sentido, o sindicato critica en concreto ao goberno melidense por “facer oídos xordos ás reivindicacións dos traballadores”, e lembra aos executivos municipais que “son responsables subsidiarios” do benestar destes empregados, xa que son plantel dunha empresa concesionaria dun servizo público municipal. Por isto, UXT esixe que, no futuro, os gobernantes de cada municipio “controlen o cumprimento das obrigas contractuais destas empresas cos traballadores.

Anulación das denuncias

Ademais de efectuar os pagos adebedados, os responsables da empresa Celta Prix retiraron as denuncias presentadas ante o Xulgado de Arzúa contra traballadores da empresa e contra o asesor sindical, David Barrio. Éste estaba convocado polo tribunal para declarar, en calidade de denunciado, o día 7 de xuño. A empresa acusábo de increpar e molestar ao administrador de Celta Prix e de levar a cabo actos vandálicos durante a folga de novembro. Aínda que o acordo asinado polas partes en novembro para pór fin á folga, incluían nas condicións a de que a empresa retirase todas as denuncias presentadas contra o sindicato e os traballadores, os responsables de Celta Prix non se decidiron a anular estas demandas ata o pasado 22 de maio, despois de que UXT anunciara unha nova folga que comezaría o 13 de xuño.

A xoiería Oro Ley cumpre catro anos e consolídase como empresa de referencia en Melide


As xoias de ouro seguen a ser as favoritas dos homes e das mulleres melidenses. Ao contrario que nas cidades, onde a prata ten o papel relevante, o material máis vendido en Melide segue a ser o ouro.

Os comezos

Coñecemento do sector e do entorno

José Ramón Villamor tiña claro desde o Bacharelato: quería ter un negocio propio. Despois de traballar durante catro anos nun almacén de xoias de A Coruña dedicado á venda maiorista, aprendendo as claves máis importantes do mundo da xoiería, considerou que era o momento de dar o paso. ¿Por que non establecer unha xoiería en Melide? José Ramón, natural de Toques, viu nesta vila as vantaxes propias da proximidade, a familiaridade e o coñecemento do entorno e dos veciños, é dicir, dos clientes potenciais. El recoñece que “había outras vilas interesantes para montar o negocio” pero, finalmente, decidiuse por Melide. Desde entón pasaron xa catro anos e “a cousa foi ben”, conta José Ramón. A xoiería Oro Ley fíxose un sitio entre a competencia dentro da vila, e hoxe é xa un establecemento de referencia na venda e tamén no deseño e fabricación de xoias, porque Oro Ley ten un taller propio no que se fabrican todo tipo de pezas

deseñadas en exclusiva para o cliente, ben sexan de prata ou de ouro. Segundo conta José Ramón, algúns dos seus clientes se interesan en mercar pezas únicas, feitas especialmente para eles. É por isto polo que o taller está a funcionar bastante ben, sobre todo cos deseños en ouro, que supoñen un 95% aproximadamente das pezas fabricadas por encargo. A clientela de Oro Ley está formada, maioritariamente, por persoas de entre trinta e corenta anos, con suficiente poder adquisitivo, e dispostos a gastar ata seiscentos euros nunha xoia “sen problema”, segundo conta José Ramón. Para este novo empresario, á hora de montar un negocio é moi importante, ademais de ter o diñeiro suficiente, coñecer moito o sector desde dentro, saber cómo e a quen comparar a mercadería, saber moverse. José Ramón cre, ademais, que “é moi bo” asociarse para comprar. Con isto, e uns 100.000 euros, o negocio estaría en marcha.



Aneis, colgantes e pendentes de ouro

As tendencias

Os melidenses prefiren as xoias de ouro

Así como, nas cidades, a prata e outros materiais novos véndense moitísimo máis que o ouro, en Melide ocorre todo o contrario. O propietario da xoiería Oro Ley, José Ramón Villamor, asegura que a maior parte das vendas que fai anualmente, con bastante diferenza con respecto aos demais, son de pezas de ouro, tanto reloxoios como cadeas, pulseiras, pendentes ou aneis.

“Nesta vila gusta moito o ouro”, conta José Ramón, tanto en homes como en mulleres, novas ou maiores. Non tanto, sen embargo, o ouro branco, que ademais, segundo José Ramón, “ponse feo co tempo”. Melide “non é zona de ouro branco”.



Algunhas pezas de ouro de Oro Ley

A moda do aceiro

Hai catro anos, ninguén mercaba en Melide unha xoia de aceiro, pero hoxe “véndese moi ben, tanto en homes como en mulleres”. José Ramón Villamor

recoñece que, pouco a pouco, as novas tendencias das cidades van chegando á súa clientela e pode vender materiais innovadores. Sen embargo, o ouro segue a ser “o rei”.

O futuro

Optimista pero con reservas...

“A min estame indo ben e por iso vexo o futuro con optimismo”. Así fala José Ramón Villamor das súas expectativas. Conta que, ao igual que outros negocios, a súa xoiería tamén ten unhas etapas no ano nas que destacan as vendas. Para Oro Ley, estas etapas veñen cos Reis Magos e co verán (coa chegada dos turistas e dos visitantes). Tamén percibe un aumento de vendas en febreiro e en maio (día dos namorados e da nai, respectivamente).

Por outra banda, José Ramón opina que Melide “é un sitio que vai a menos”. Fala da falla de industria, da marcha da



No interior de Oro Ley atopamos todo tipo de pezas

xente nova ás cidades e da dependencia excesiva do comercio melidense da “xente de fóra” e tamén do campo, que tampouco se atopa no seu mellor

momento. Sen embargo, el recoñece que o seu futuro ten boas expectativas en Melide e que, de non ser así, “marcho e punto”.

ASETEM acude a unha cea-coloquio con Manuel Fraga

O acto, organizado por ACOTÉS, celebrouse xa con Touriño e terá continuidade con Anxo Quintana

Redacción
Melide

Comerciantes e empresarios de toda Galicia acudiron, o pasado 1 de xuño, a unha cea-coloquio organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Santiago (ACOTÉS) e presidida por Manuel Fraga. Ademais, estivo presente tamén o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio, Juan José Rodríguez Yuste e o presidente do colectivo organizador, Emilio Fraga. Este acto enmárcase dentro do proxecto de ACOTÉS de reunir ao empresariado galego cos tres candidatos á presidencia da Xunta. O pasado 12 de abril xuntáronse nunha outra cea-coloquio co Ministro de Industria José Montilla e co candidato galego polo PSOE, Emilio Pérez Touriño. Durante o coloquio,

Manuel Fraga contestou a un total de oito preguntas formuladas por membros dos colectivos empresariais presentes. Recollían inxerencias propias do sector como a Lei de Comercio de Galicia, os horarios comerciais, a posibilidade de creación dun Centro de Tecnoloxía Aplicada para a formación dos traballadores do sector automobilístico, a competencia das grandes superficies, a relevancia das PEMES, o Tribunal de Defensa da Competencia ou o auxe do comercio chinés

En concreto, o presidente de ASETEM, José Antonio Rodríguez, trasladou ao presidente en funcións da Xunta unha inxerencia propia dos traballadores autónomos; a posibilidade de optaren á xubilación anticipada unha vez cotizado o mínimo de anos, ao igual que



De esquerda a dereita: Emilio Fraga, Manuel Fraga e Juan José Rodríguez Yuste

os demais traballadores. Pola súa parte, Fraga Iribarne respostou a esta cuestión apelando á “sensibilidade” do goberno do PP polo sector dos autónomos, e anunciou que o executivo está a facer unha análise e estudo dun “Estatuto do Traballador Autónomo”, que está agora mesmo á espera da

formación do novo goberno. Por outra banda, Fraga matizou que esta acción “debe promoverla o goberno central”, por ser éste o que ten as competencias na materia. Tralo coloquio, que durou arredor dunha hora, os invitados dispuxéronse a disfrutar da cea no Hotel Los Abetos (Santiago).

O Cerne xa está en Internet

Redacción
Melide

Desde finais de maio, todas aquelas persoas interesadas poden ler as páxinas deste xornal na rede Internet. Deste xeito, teñen a posibilidade de acceder á nosa información desde calquera parte do mundo. Este número 7, así como os anteriores, pódense atopar facilmente na páxina web da Asociación: www.asetem.com

Curso de manipulador de alimentos o 4 de xullo

Redacción
Melide

Empresarios e traballadores do sector da hostaleiría poden obter o Diploma de Manipulador de Alimentos no local de ASETEM o próximo luns, 4 de xullo.

A bióloga Carmen Valiño impartirá unha clase desde as 17 ata as 20 horas dese día, que culminará coa obtención deste documento, de carácter obrigatorio para as persoas do sector. Os interesados poden apuntarse durante estes días nas oficinas da Asociación.

O curso ten un prezo por persoa de 10 euros para empresarios ou traballadores de establecementos socios de ASETEM e de 30 euros para non socios.

Quintana e Seijas asinan o Libro de Ouro



O candidato do BNG á presidencia da Xunta de Galicia, Anxo Quintana (foto esquerda), e o presidente da Federación Galega de Comercio, José Mª Seijas (foto dereita), asinaron o Libro de Ouro da Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM). O primeiro fíxoo o pasado día 13 de maio, tras un xantar con empresarios do Polígono Industrial da Madanela, que continuou coa visita ás instalacións de ASETEM e o posterior paso pola Cooperativa Melisanto. O segundo, José Mª Seijas, asinou o Libro o día 27 de maio, nun acto preliminar á cea de confraternidade de ASETEM, á que acudiu como invitado de honra.



A cea anual de ASETEM reuniu a máis de cen empresarios da Terra de Melide

O acontecemento celebrouse o pasado venres, 27 de maio, no restaurante Sony

Redacción
Melide

A cea de confraternidade da Asociación de Empresarios Terra de Melide reuniu, un ano máis, a boa parte dos asociados, así como a autoridades dos Concellos da comarca e a outras personalidades relacionadas co mundo empresarial. Con este acto, ASETEM culmina o balance de contas e actividades do ano 2004 e céntrase agora de cheo nos obxectivos para 2005.

A Asemblea Xeral

Unha semana antes da cea, o día 20 de maio, tivo lugar no local de ASETEM a Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación, á que estaban convocados todos os socios.

A orde do día desta xuntanza, que se cumpriu segundo o previsto, foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Lectura e aprobación das contas do exercicio 2004.
3. Memoria de actividades 2004.
4. Obxectivos para 2005.
5. Rogos e preguntas.

Durante o acto, ao que acudiron uns corenta socios, entregouse a memoria anual da Asociación, que recolle as contas e as actividades desenvolvidas en 2004.



De esquerda a dereita: Pablo Villamar, José M^a Seijas, José A. Rodríguez, Dolores Rodríguez e Jesús Asorey

O presidente anunciou que o colectivo sobrepasa xa a cifra de 140 asociados

José Antonio Rodríguez, presidente de ASETEM, destacou no seu discurso o "crecemento" da asociación en varios aspectos: en nómina de asociados, en movemento económico e en actividade. Con respecto ao primeiro punto, Rodríguez asegurou que a patronal melidense rebasa os cento corenta socios, a maior cifra acadada desde que se creara, en 1989. Con respecto ao segundo punto, o presidente afirmou que desde as oficinas de ASETEM xestiónanse

uns cen mil euros anuais. E, con respecto á actividade, Rodríguez destacou que "cada ano seguimos loitando polos intereses da empresa e do comercio da comarca". Referiuse tanto aos intereses económicos como aos sociais, xa que, na súa opinión, estes "repercuten á súa vez na rendibilidade de cada negocio". O presidente quixo destacar tamén a importancia do asociacionismo "que nos permite facernos máis fortes para defendernos e tamén para

atacar, é dicir, para defender os nosos intereses". Así, agradeceu a colaboración de todos os socios e a súa presenza na cea. Por outra parte, Rodríguez agradeceu tamén a asistencia das autoridades, destacando a do deputado provincial Pablo Villamar para pór de relevo a maior colaboración da Deputación con ASETEM desde o cambio de goberno que, segundo o presidente, traducíuse en "lazos de empatía cara as nosas inquedanzas".

NOTAS

MENÚ

- 1º. Salpicón de marisco
- 2º. Pescada á cazola
- 3º. Ternera asada

Postre: queixo con marmelo e melindres.

Viño, café e chupito.

MESA PRESIDENCIAL

- Presidente de ASETEM: José Antonio Rodríguez Álvarez.
- Presidente da Federación Galega de Comercio: José María Seijas.
- Presidente da Cámara de Comercio: Jesús Asorey.
- Presidenta da Fundación Terra de Melide: Dolores Rodríguez.
- Presidente da área de Promoción Económica e Emprego da Deputación de A Coruña: Pablo Villamar.

OUTRAS AUTORIDADES

- Concello de Melide: concelleira de Cultura e Deportes, M^a Xesús López, e concelleira de Educación e Asuntos Sociais, M^a Pilar Sánchez.
- Concello de Santiso: alcalde-presidente, Ramón Villar.
- Concello de Toques: tentene de alcalde: Manuel Penas.



Membros da Xunta Directiva de ASETEM, representantes de corporacións municipais e do sindicato UXT compartiron mesas na cea

Catro distincións para catro empresas asociadas

Lácteos Terra de Melide, Supermercados García, Canteras de Richinol e Construcciones Pambre foron as afortunadas

Redacción
Melide

ASETEM quixo este ano ofrecer unha distinción a algunha das súas empresas asociadas. En concreto, a Xunta Directiva estableceu catro categorías para premiar aos socios elixidos nesta ocasión: a do “Desenvolvemento Comercial”, que se lle otorgou a Supermercados García, a do “Desenvolvemento Empresarial”, que foi para Canteras de Richinol, a da “Proxección Exterior”, que levou Lácteos Terra de Melide, e a da “Implicación activa con ASETEM”, que recoñeceu o labor de Construcciones Pambre.

O presidente, José Antonio Rodríguez, explicou no seu discurso as causas que levaron á Directiva a escoller estas empresas.

Supermercados García

O destacable esta empresa para ASETEM foi o medre da súa infraestrutura nos últimos anos, que lle permite, segundo Rodríguez, “competir coas grandes áreas do seu mesmo sector”. Óscar García, contable da empresa, recolleu a distinción de mans José M^a Seijas, presidente da Federación Galega de Comercio.



De esquerda a dereita: representante de Supermercados García, Construcciones Pambre, Lácteos Terra de Melide e Canteras de Richinol

Os premiados

Supermercados García polo seu Desenvolvemento Comercial

Canteras de Richinol polo seu Desenvolvemento Empresarial

Lácteos Terra de Melide pola súa Proxección Exterior

Constucciones Pambre pola súa Implicación activa con ASETEM

Canteras de Richinol

Desta empresa, o presidente de ASETEM destacou a súa produción na planta de Melide (unhas 900.000 toneladas ao ano), a súa antigüidade (16 anos en Melide e 40 en Lalín), e a súa visión de futuro, xa

que “teñen os recursos naturais garantidos ata dentro de 50 anos”. Dolores Rodríguez, xerente da Fundación Terra de Melide, foi a encargada de entregar o premio a José Ramón Castro, administrativo desta empresa.

Lácteos Terra de Melide

Desta entidade empresarial, a Asociación quixo destacar, máis que a calidade dos seus queixos recoñecida xa con outros moitos premios, “a exportación que fai do nome de Melide a toda España, che-

gando incluso ao continente americano”.

Dado que non puido asistir á cea ningún representante desta empresa, o tesoureiro de ASETEM, Emilio Ares, recolleu o premio entregado por Jesús Asorey, presidente da Cámara de Comercio.

Construcciones Pambre

O premio á Participación Activa con ASETEM foi para esta pequena empresa familiar á que o colectivo quixo dar as grazas por “a súa crenza no asociacionismo, a súa vontade de colaboración, por axudar incluso economicamente á asociación e por estar aí cando se lle necesitou”.

Jesús Silva, socio propietario da empresa, recolleu a distinción de mans do deputado provincial, Pablo Villamar.

O presidente de ASETEM quixo engadir á entrega de premios a observación de que “ todos os socios son merecedores de recoñecemento” e asegurando que “esta asociación durará moitos anos e todos tere-mos a nosa oportunidade”. Agradecendo de novo a presenza de todos os asistentes, José Antonio Rodríguez deu por terminado o seu discurso co aplauso dos presentes.



Case cen representantes de empresas e comercios asociados puideron disfrutar do acto o pasado 27 de maio

Unha novela sobre a vida dun narcotraficante gaña o certame literario “Terra de Melide”

O seu autor, de 49 anos e natural de Ribeira, leva un premio de 6.000 euros máis a publicación da obra

Redacción
Melide

Os Pecados Capitais, de Francisco A. Vidal, conta a historia dunha persoa que quere triunfar sen emigrar nun país de emigrantes e que, empezando co contrabando de tabaco, acaba por se converter en narcotraficante millonario. O autor retrata tamén o entramado social que permite e condiciona este fenómeno e toca cuestións co a identidade, a dobre moral e os xuízos de valor. Todo isto, ademais da relevancia social do tema e da visión diferente que se dá na obra de realidades ligadas a tópicos, foron os aspectos que levaron ao xurado a galardonar a este ribeirense co premio do Quinto Certame de



Francisco A. Vidal foi presentado como gañador do Certame o 7 de xuño

Creación Literaria “Terra de Melide”. *Os Pecados Capitais* foi elixida por unanimidade entre 26 obras presentadas baixo o título de “Terra de Melide”. A obra foi revisada e valorada

das por un xurado formado por tres escritores, un filólogo e un editor.

Francisco A. Vidal, que gañara anteriormente outros premios literarios e que colabora en prensa desde o 77, foi presentado como gañador nun acto público o pasado 7 de xuño data na que se conmemora o 72º aniversario da publicación do libro “Terra de Melide”, editado en 1933 polo Seminario de Estudos Galegos, e motivo polo cal, se celebra cada ano este certame desde o 2.000.

A obra vai ser publicada por Francka Editora a finais deste verán, e a edición celebrarase cun novo acto público en Melide no que estará presente o autor.

A quinta edición de Corremelide reuniu a uns 650 rapaces ás carreiras polas rúas do casco antigo

O IES organizou de novo este acto, que combinou carreiras de atletismo, xogos tradicionais e divertimento o pasado 27 de maio nos arredores da Praza do Convento

Redacción
Melide

Todos os participantes nesta quinta edición de Corremelide, alumnos dos colexios nº1 e nº2 así coma do IES, dividíronse en categorías por idade e sexo e mediron as súas forzas en dez carreiras polo casco antigo de Melide. Mentres, na Praza do Convento agardaban os demais a súa quenda xogando á comba, a rá, ao aro, ou a outros xogos tradicionais. Ao final de cada carreira, os gañadores recollían os seus trofeos e daban paso á seguinte. Ao remate da mañá, leuse un manifesto en favor da lingua galega.



Diplomas para todos e trofeos para os mellor clasificados de cada carreira

1º CLASIFICADOS

-Benxamín Masculino:
Javier Mosteiro Varela
-Benxamín Feminino:
Elisa Ares Turrado
-Alevín Masculino:
Fernando Buján Estraviz
-Alevín Feminino:
Lorena Ambrosio García
-Infantil Masculino:
Samuel Suárez Agra
-Infantil Feminino:
Tania Areas Carballal
-Cadete 3º Masculino:
Fernando Ferreiro Mato
-Cadete 3º Feminino:
Mª Carme Monterroso
-Cadete 4º Masculino:
Gutier D. Penas Taboada
-Cadete 4º Feminino:
Cristina Vizcaíno
-Xuvenil Masculino:
Roberto Pérez Ramos
-Xuvenil Feminino:
Dulce Mª Ferreiro Conde

Ruxir de motores, centímetros cúbicos e traxes monopeza de coiro mol...

Uns 200 moteiros déronse cita na segunda concentración melidense organizada polo Motoclub

Redacción
Melide

Procedentes de toda Galicia e de zonas do Bierzo, arredor de 200 afeccionados ás motos de estrada achégaronse a Melide na fin de semana do 11 e 12 de xuño. Foi a segunda concentración de motos da vila organizada pola asociación Motoclub, que nacía o ano pasado e inaugurábase coa celebración da primeira cita motera.

Nesta segunda edición, afeccionados e afeccionadas aos “cabalos de aceiro” xuntáronse no Pazo de Congressos e Exposicións desde o mediodía do sábado. O acto estrela veu da man do portugués Paulo Martinho, que fixo gala da súa habilidade enriba da moto cunha exhibición de acrobacias polas rúas que rodean o recinto. A noite do sábado os moteiros e moteiras compartiron mesa no Pazo de Congressos e, despois, tras un segundo pase das acro-



O Pazo de Congressos converteuse nunha exposición de motos de estrada

bacias de Martinho, ategaron dun ambiente distinto ás rúas da movida melidense, cos seus traxes moles de moitas cores e as súas botas con fibela. Xa o domingo, despois de durmir unhas horas (moitos deles no campo de fút-

bol, habilitado ese día para a acampada libre), xuntáronse de novo para xantar no Pazo de Congressos. Na sobremesa, houbo un sorteo de materiais e indumentaria propias dos moteiros entre todos os inscritos e, seguidamente,

deuse por finalizada esta segunda concentración que, segundo o presidente do motoclub, José M. Rei, continuará o próximo ano “se todo vai ben”. Na organización colaboraron o Concello de Melide e varias empresas da zona.

Melide prepara a décimo quinta edición da Feira de Mostras

Desde desfiles de modelos ata degustacións de Ternera Gallega e queixo de Tetilla

Redacción
Melide

O venres 24 de xullo ás cinco da tarde ábrese esta nova edición da Feira de Mostras do Interior de Galicia cunha cata de queixos das dúas denominacións de orixe que inclúen a Melide na súa delimitación territorial: Arzúa-Ulloa e Tetilla. Vai ser unha cata comentada por Marisé Mosteiro, secretaria do Consello Regulador de Tetilla, e por

Óscar Pérez, xerente do Consello Regulador de Arzúa-Ulloa. Será na sala de conferencias do multiusos con localidades limitadas. Xa o sábado, abrírase o recinto feiral no que van estar expostos os stands. Ás 12 da mañá haberá unha exhibición de coches teledirixidos e, pola tarde, sortearase o escaparate deste ano. Despois, ás 19 horas, comezará un dos actos

estrela da edición, que vai ser o desfile de moda infantil, xuvenil e complementos, presentado pola ex-miss España, Sonia López. A pasarela vai estar formada por modelos profesionais da axencia “One Models Management” (excepto no caso da roupa infantil, que a pasarán nenos melidenses), que vestirán pezas unicamente dos establecementos de roupa e complementos da vila de Melide.

O domingo 26 poderemos degustar gratuitamente a Ternera Gallega a partir das dúas e, pola tarde, a festa será para os nenos entre as 16.30 e as 18.30 (casas de pelotas, castelos de aire, etc). Ás sete da tarde dará comezo a exhibición de adestramento de cans a cargo do Club de Adestramento Canino Brétema e, con isto, procederase á clausura da Feira arredor das nove da noite.

A Botánica da Terra de Melide a estudo

Redacción
Melide

As III Xornadas de Ciencia e Territorio, organizadas polo IES de Melide, céntranse este ano no estudo da botánica da nosa bisbarra. Os días 4, 5 e 6 de xullo, os profesores de primaria e secundaria poderán reunirse para escoitar conferencias e tamén para facer saídas ao campo guiados por expertos en botánica da Universidade de Santiago. Haberá tamén obradoiros e traballos prácticos, como o da elaboración de cremas e sales de baño, coordinado polas propietarias da empresa local Milhulloa. Ademais, os inscritos tamén compartirán ceas e comidas durante os tres días, amenizadas incluso con actuacións musicais e xogos tradicionais.

Clausuradas as escolas deportivas e de actividades ata setembro

Redacción
Melide

O curso de actividades organizadas polo Concello de Melide pechouse xa ata o mes de setembro. O pasado 20 de maio celebrouse no Pavillón Municipal o acto de clausura, ao que asistiron máis de trescentos rapaces e rapazas, membros de actividades como fútbol sala, baloncesto, patinaxe, ballet, baile moderno, informática, mecanografía, pintura, etc. Estiveron presentes a alcaldesa e dúas concelleiras, que entregaron aos nenos e ás nenas os seus agasallos: un diploma e unha camiseta.

O Trebón, voceiro da montaña

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

Parella á lita do encoro de Portodemouros, pola construción dunha ponte Loño-Beigondo, mais de outras obrigas da empresa Fenosa con dez parroquias ribeireñas, créase a remates do ano 1976 a "Comisión da Montaña", nada despois de moitas xuntanzas en vilas e parroquias de varios concellos: Agolada, Curtis, Palas de Rei, Monterroso, Arzúa, Loño (Vila de Curces) e Melide. Nestas "xuntanzas da montaña", como lles chamabamos, xurdiron uns lazos de solidariedade manifestados na vontade de traballar xuntos pola solución da problemática social e cultural da

vidas culturais e lúdicas.

No mes de setembro de 1977, nunha xuntanza da montaña, nace a idea da publicación dun voceiro, que para nós era necesidade, cos obxectivos de informar, concienciar, formar e divertir. Deste xeito sae o prelo no mes de

Legal, C-1007/77.

Cada número tiña a seguinte distribución: Editorial, Información Xeral, Novas de Emigración, Cultura, Cartafol de Cousas Nosas, Colaboracións e Caldeirada, que era de información das parroquias. Todas as colaboracións ían asinadas con pseudónimos, aunque os responsables eramos os que tiñamos que dar conta das informacións, colaboracións, etc.

Algúnhas colaboracións foron: O ensino no mundo rural, A cota empresarial agraria, A queima dos montes e a repoboación forestal en Galicia, ¿Que é o sindicalismo? , Castela o,

O TREBÓN

VOCEIRO DA MONTAÑA SANTOS 1.977 - Nº 0 - 3 PESOS

"A XEITO DE PRESENTACION".

Froito de varias xuntas, celebradas desde o mes de Santiago en diferentes vilas da zona: Arzúa, Melide e Teisero; as que asistiron xerentes de Parroquias e Vilas dos Anxuramentos da Montaña, xurdiron unhas ideas de solidariedade, manifestadas na vontade de traballar xuntos pola solución da problemática social e cultural da zona.

Labours de estas xuntas, chamadas "Xuntanzas da Montaña", foi a organización da "Festa Popular da Montaña", celebrada o derradeiro 21 de Agosto na Parroquia de Loño (As Cruces de Biezo).

Agora, andamos a voltas, con iste sinxelo periódico que vos presentamos. "O TREBÓN" (Voceiro da Montaña), nace como unha necesidade, e co obxectivo de informar, concienciar, formar e divertir.

¿Que é "O TREBÓN"? É un periódico rural. O medio de toda ista zona do interior de Galicia, é un medio rural, e o periódico téñase que axectar a iste medio.

Galego - Porque nos traxeron de todas as cousas de Nosa Terra: Problemas, xustos de saldos, Agro, Saneado, ensino, cultura. Porque vai estar ao servizo de Galicia.

Anticaciquil - Porque estará decantra dos caciques e dos cacicadas, a favor dos traballadores: Labregos, obreros.

Independente - Porque non estará manexado por ningún partido político; si ao servizo de Galicia e dos traballadores.

Todo o dito é e que pretende "O Trebón", agora vóstedes serán os que teñan a palabra.



O ENSINO NO MUNDO RURAL

Neste espazo adicado é ensino quixeramos recoller as preocupacións de uns, as ideas de todos e xuntos tratar de ver cal é a nosa situación pra combata, si é preciso.

Aquí neste periódico tratamos dos problemas do ensino no mundo rural, que, por certo, son distintos dos que teñen os da cidade.

Vos xa o sabedes: Un da cidade, cando ten que levar un fillo á escola, pode escoir: - Colexio do Estado. - Colexio de pago.

e hasta se quere lle pode poñer profesor particular, pois hai miles de maestros buscando traballo.

Na montaña, xa sabedes, non hai que escoir. Xa o escollen por nos outros. Como si foramos nenos pequenos que se teñen que deixar guiar. Non tan segura nos preguntan o noso pai, porque, se cada, non pletabamos coma eles.

Na cidade, aínda ben non sabe coller o cabaz, xa mandan o rapaz á escola, porque alí hai parvularios, garderías e todo eso. Así, cando chega aos 6 anos, xa leva moito adiantado, xa lle poderá chamar burro ao voso fillo, porque.

Na aldea non hai parvularios, nin garderías que teremos des rapaces mentras as nais traballan - i é que as nais da aldea non traballan! - nin segura teñen dereito os menores de 6 anos a transporte e comedor escolar, nas agrupacións.

Na cidade, se non lle queda o colexio cerca, pása un coche moi bonito recolléndolos polos casás.

Os menos das aldeas teñen que madugar, andar por malos camiños, esperar e ventimpero un transporte escolar que nunca se sabe xusto a qué hora pasa e que, se cada, xa está dado de baixa pra circular por carreteras millores. A non ser que, no voso caso, anda se conserva a escola unitaria da parroquia. Entón alí índes os vossos rapaces, grandes ou pequenos, todos xuntos, i a mestre terá que facer milagres pra que logo, cando los exames de Graduado, podan competir no Grupo Escolar cos que teñen un profesor pra cada asinatura.

O neno da vila pode ser pasantías, clases particulares i eso que os da cidade ven letras por todos partes, e que lle axuda a romper a ler i a coller moedas pola latura.

O da aldea, nese tempo, ten que lle botar o caldo de porcos, ir polo gando. A hora dos exames, íñi entón se se poden facer diferencias, hai que lle preguntar o mesmo cos da cidade, e si non saben, suspénden, por burro, por taragás!!!!

¿Que vós aluden para setembro? Ah!, si, pero en setembro os da cidade foron a clase polo vran.

os da aldea, viraron moita herba seca, ataron moitos moñolos, ou apañaron moitas patacas. Pero desto non fin ven preguntar nada en setembro. En setembro, outro suspenso, claro, chaval, si suspénden porque eres burro, porque non estudas. (Mira que listos i aplicados son os da cidade!)

E todo isto, ¿por qué está así? Vos pensades que, si nos deixaran facer a nos, os da aldea, as cousas ao noso xeito as faríamos así? E ¿por qué non nos deixan planear e nos? Porque íñala idea non terán. Eles, os que planean desde Madrid, queren facer o mellor e paxarán moitos traballos. I eu digo: ¿por qué non aferraran tantos traballos e nos deixan a nos gobernarmos a noso aire?

20 - IX - 77

Teófilo

AS PARROQUIAS AFECTADAS POLO EMBALSE DE PORTODEMOUROS CONTRA FENOSA.

TANTO O 21 DE AGOSTO, (4.000 PERSOAS) COMA O 16 DE AUTONO (6.000 PERSOAS) ESIXIAN QUE SE VALEIRA O EMBALSE HASTRA QUE SE FIXERA XUSTICIA.

(Información páxina 3)

Primeira páxina do nº 0 de O Trebón

Montaña (dorsal galega). O primeiro froito deste movemento, que tiña a sede e coordinábase en Melide, foi a "I Festa Popular da Montaña", cuxo fin era reivindicativo e cultural. Os obxectivos: concentrar gran número de persoas, concienciar da problemática do encoro de Portodemouros, pedir a supresión da cota empresarial agraria, e divertir e concienciar con actos culturais e con xogos tracionais galegos. A primeira festa foi en Loño o 21 de agosto de 1977, á que asistimos catro mil persoas. Ao ano seguinte celebrouse a II Festa Popular da Montaña, pero esta vez na parroquia de Beigondo (Santiso), con grande asistencia de xente e con acti-

Santos de 1977, nº 0 de "O Trebón (Voceiro da Montaña)". Neste número explicabamos qué era O Trebón: un periódico rural, galego, anticaciquil e independente. Saíron catro números (nº 0 no mes de Santos de 1977, nº 1 en xaneiro de 1978, nº 2 en marzal de 1978 e nº 3 en maio do mesmo ano). O prezo do exemplar era de tres pesos e a tirada por número era de dous mil exemplares. A sede era en Melide con en enderezo no Apartado de Correos nº 1, sendo o responsábel da distribución e coordinación quen escribe, e o responsábel e coordinador da redacción Xesús Asorei, en Santiago. O prelo era "Litografías 3 C, S.L." de Santiago e nº de Depósito

Letras Galegas, A loita do embalse, etc.

Dicir que foi unha mágoa que non seguira a experiencia, a primeira na zona da Montaña, na súa historia ata 1977. Como dato curioso, a remates do ano 1977, o mesmo día, no Teleclub Priorada no Convento dos Frades Pasionistas de Melide, presentouse o nº 0 de O Trebón e o mesmo número do semanario A Nosa Terra que, afortunadamente, hoxendía está a saír do prelo.

Na lembranza, todos: D. Xosé Souto Miguez, Leopoldo López Rego, Portos, Cecilia, Felipe, Senén, etc... E, por suposto, Xesús Asorei de Loño, responsábel da redacción.

A grande obra

LOIS PRADERAS. VECIÑO DE MELIDE

A finais do mes de marzo e na tardiña baixa, coma se do final da vida se tratara, foi inaugurado, a bombo e platillo e bombas de palenque o gran tanatorio municipal.

Esta grande obra, digna de faraóns, consta de vaías salas, preparadas para atender calquera emerxencia e dar servizo a outras futuras funerarias, así como para dar servizo tamén ás parroquias e aos concellos que o precisen.

Este gran tanatorio, pola súa fachada e deseño, dexaría abraiado ao mesmo Mestre Mateo ou a Gaudí. Convina moi dignamente o deseño moderno co entorno dun casco antigo do gusto de todos os fillos de Melide.

Este gran tanatorio, ademais de múltiples salas, consta de salas de preparación, cámaras frigoríficas e outros servizos complementarios. Tamén hai nesta área unha cafetería-restaurante para atender e dar servizo ás persoas

desprazadas que veñen acompañar aos familiares e amigos en tan tristes momentos. Ten ademais unha zona para taxis e un amplo estacionamento válido para acoller a máis de cen turismos e autocares sen que estes perturben a tranquilidade e o descanso dos veciños, xa que está situado nunha zona ampla e aillada.

Os gobernantes do PP realizaron esta grande obra con cargo á categoría dunha vila como Melide, e ao respecto e á dignidade de todos os seus veciños. As cabezas pensantes e o asesor espiritual demostráronnos, unha vez máis, a admiración que senten por Melide.


Despois deste gran tanatorio, sería preciso que se fixeran salas velorio en cada dúas ou tres parroquias, para atender as necesidades dos veciños e estar así á altura de Europa.

Melide merece algo máis.

O humor de onte

Cousas da vida

por Castelao



—O caciquismo provén de que hay políticos que non saben perder.

(Prohibida a reprodución en Galicia)

Imaxe de Cousas da Vida, escolma de viñetas de Castelao (publicadas nos xornais Galicia e Faro de Vigo nos anos 20 e 30), recompiladas e editadas por Galaxia nos anos 60 con prólogo de Otero Pedrayo. (Arquivo: Irmáns Fuciños Gómez, Casa de Pita)

Homenaxe aos vellos da boina e ás vellas de pañoleta

VANESSA MARTÍNEZ

Son coma espellos dunha vida que pasou e na que se detiveron as boas cousas. Neses ollos, tranquilos e moitas veces xa sen cor, vese un mundo enteiro que pasou e que tampouco eles lograron deter. Pero cando un neto ou un bisneto para ante eles parece que todo lles volve empezar de novo. Os avós son coma anxos da garda que coidan sempre sen falar, que están sempre á espreita e gardan para o seu peito todo o que lles gustaría ter dito algún día.

Disfrázanse se coidadores de nenos, de acompañantes cando non hai ninguén que acompañe, e tamén de predicadores dunha relixión que non ten fronteiras. Sempre son o punto de unión das familias, ou a voz tranquila e sabia que fala

cando ninguén sabe que dicir.

Os nosos vellos pasean a modiño, porque non lles valen as pernas, pero tamén porque xa saben o que hai máis adiante. E en cambio calan, escoitan ou berran, pero gardando para si o malo que levan vivido. Mais sempre hai alguén que lles alce a voz, que lles falte ao respecto e que os trate coma se fosen algo acabado. Mentres eles calan e nós vociferamos, o tempo vaise poñendo da súa parte, e vainos acercando un pouquiño máis a eles.

Son coma libros que cómpre ler, porque os libros, por si mesmos, tampouco falan. Tamén son coma camiños polos que hai que andar, ver mundo, oílo e compartilo, porque ninguén de nós puido vivir

o que eles viviron xa. Nun tempo no que prima a prisa, a velocidade e os poucos anos, bótase de menos alguén que rompa unha lanza a favor dos vellos, creadores de todo o que agora temos e donos absolutos dun silencio no que non todos sabemos entrar.

Din que as relacións con eles non son doadas, porque son tres veces nenos. Tamén teñen tres veces a súa dozura e a súa necesidade de recibir un cariño que ás veces pasa só por escoitalos ou por rozarlles unha man chea de enrugos. Parece mentira que nunha Galicia na que o 27 por cento da poboación supera os 65 anos, haxa aínda quen pense que ser vello é ir perdendo valores.

Mundo Misterioso Quiromancia, a lectura de mans

ÁNGEL CURTIS

Un estudo quiromántico comeza examinando toda a palma da man, e vanse interpretando pouco a pouco ata os máis mínimos detalles, estudando todas e cada unha das liñas por pequenas que sexan. Se a persoa que "le" a man é seria, comezará por examinar as dúas mans. Nun suxeito destro, a man esquerda considérase a do nacemento - a que amosa as tendencias herdadas - , mentres que a dereita reflicte a individualidade, a flexibilidade e as posibilidades. Se a persoa é zurda ocorre todo o contrario.

A forma das mans é a primeira clave do carácter e do destino. Unha man cadrada indica a unha persoa práctica, alegre e sensible. A man en forma de pa, a alguén para quen a acción constante é unha necesidade. Man puntiaguda ou afiada, é propia dos idealistas. A longa, de articulacións moi nudosas, descobre o pensador filósofo. Pero a maioría das persoas poseen unha MAN MIXTA, é dicir, cunha mestura dos trazos, entón hai que ter en conta a súa flexibilidade. Se é moderada, a personalidade é normal, se é grande indica unha persoa pouco convencional, e se é moi rixida dános un carácter obstinado. Tamén se teñen en conta os dedos. Os longos indican a alguén moi preocupado polo detalle, os curtos, unha per-

sonalidade impetuosa. Unha vez estudados estes aspectos e algúns máis, comeza a verdadeira "arte" do estudo das mans, é dicir, toda a serie de planos, protuberancias, liñas e sinais que forman a palma. Son de moita importancia as tres grandes liñas que surcan a man, e que se denominan, de arriba abaixo: liña do Corazón, da Cabeza e da Vida. Os abultamentos carnosos que se atopan baixo os dedos reciben a denominación de "montes", e gardan unha estreita relación coa astroloxía: desde o monte situado baixo o índice e cara fóra son: Xúpiter, que representa a ambición; Saturno, a sobriedade; Apolo, o talento e o gusto artístico, e Mercurio, a esperanza e a intelixencia. Na base da man está o abultamento denominado A Lúa, que representa a forza creadora, imaxinación e intuición; Venus é a parte inferior do polgar, indica o amor e a paixón; no centro da man está o Plano de Marte, símbolo do dominio sobre un mesmo, nerviosismo ou negatividade, dependendo da súa forma. A lectura das mans resulta complicada, pero ben realizada achéganos moito á verdadeira personalidade dun individuo. As persoas que acoden a un quiromántico non sempre van coñecer o seu futuro, senón a confirmar o inconfundible da súa personalidade.

O Melide de onte



O urbanismo do Melide de principios da década dos 60 que vemos na imaxe contrasta co do Melide de hoxe. Pálpase o crecemento. A fotografía amosa a Estrada de A Courña e a zona do Cruceiro. Ao fondo, vese a Priorada e o Convento dos Frades Pasionistas.

Foto Adolfo. Arquivo: Irmáns Fuciños Gómez, Casa de Pita.

ÁNGEL CURTIS

**CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"**

MEJORA TU VIDA

**CONSULTA PREVIA CITA
TELF: 677 670 051**

**E-mail: angel_curtis@yahoo.com
www.angelcurtis.com**

Teléfonos de interese

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
	Polideportivo
	981507752
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade
Melide.....981505003	981505706
Policía Nacional091	
Garda Civil	
Urxencias.....062	Albergue Xuvenil
Melide.....981505007	981507412
S.O.S	
S.O.S Galicia.....112	Albergue do Peregrino
Protec.Civil.....670498848	660396822
	Centro Ocupacional
	981505003
	A.S.E.T.E.M
	981506188
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide
A Coruña	981507244
Santiago	
Autobuses	
A Coruña.....981239099	I.E.S. de Melide
Santiago.....981542416	981505162
Melide.....981505204	C.E.I.P nº1.....981505238
	C.E.I.P nº2.....981505929
	Gardería.....981505003
Aeropostos	
A Coruña.....981187200	
Santiago.....981547500	
Vigo.....986268200	
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	
Atención ao cidadán	
	981120012
Valedor do pobo	
	981571900
Economía facenda	
	981545151
Industria e Comercio	
	981544341
Sevizo Galego Colocación	
	981125000
Teléfono da Muller	
	900400273
Teléfono do Menor	
	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	
	900125505
Correos.....902197197	
Auga.....981242322	
Electricidade.....981147200	
Gas.....900760760	
MELIDE	
Casa do Concello	
	981505003
Centro de Saúde	
	981506176
Servizos Sociais	
	981505012

Autobuses

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á Cafetería Marta	Domingos e festivos:
A CORUÑA - MELIDE	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
De luns a Venres:	20.20
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Parada fronte á Pizzería Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres
MELIDE - FERROL	lectivos)
De luns a venres:	Sábados:
Non hai liña	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Sábados:	19.25
19.15	Domingos e festivos:
Domingos e Festivos:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Parada fronte á Cafetería Marta	Parada fronte ao antigo bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)
De luns a venres:	Luns a venres laborables:
Non hai liña	Saída de Fondevila: 10.20
Sábados:	Saída de Melide: 12.30
10.30	Domingos excepto último
Domingos e festivos:	de mes:
17.00	Saída de Fondevila: 8.15
MELIDE - OURENSE	e 11.00
De luns a venres:	Saída de Melide: 13.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Último domingo de mes:
Sábados:	Saída de Fondevila: 7.45
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00 e
Domingos e festivos:	14.00
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)
20,00	Martes e venres lab-
Parada fronte á Cafetería Marta	orables:
OURENSE - MELIDE	Saída de Folladela: 8.30
De luns a venres:	Saída de Melide: 12.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Domingos excepto último
Sábados:	de mes:
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	Saída de Folladela: 8.40
19,15	Saída de Melide 13.00
Domingos e Festivos:	Último domingo de mes:
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Saída de Folladela: 8.30
21.00	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00
<i>Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.</i>	

Actos

XUNO
DO 15 ó 30: Exposición de Xóvenes Pintores na Biblioteca de Melide.
Domingo 19: Eleccións ao Parlamento de Galicia.
Martes 21: Excursión da terceira idade a Covadonga.
Mércores 22: Charla no Multiusos as 19 h sobre "Plan sanitario apícola".
Sábado 25: Campionato de Dominó no Edificio de Servizos Múltiples de Sobrado dos Monxes.
Fin de semana 25 e 26: V Feira de Mostras do Interior de Galicia.
Luns 27: Excursión de Fin de Curso a Mallorca (escolas deportivas municipais) ata o 1 de xullo.
Mércores 29: Celebración do San Pedro en Melide e en Sobrado.
XULLO
Venres 1: Apertura da Área Recreativa Río Furelos.
Domingo 3: Miss Galicia Terceira Idade.
Luns 4: Curso de Manipulador de Alimentos en ASETEM.
Do 4 ao 6: III Xornadas Ciencia e Territorio: "A Botánica".
Mércores 13: Saída á praia das persoas da terceira idade.

Eduardo Blanco, propietario do Hotel Carlos 96, pasou 26 anos emigrado na capital inglesa

“Ao volver de Londres quedei moi sorprendido cos cambios que experimentou Melide”

Hoxe, o Hotel Carlos conta con dous amplos salóns comedores (un deles para 450 persoas) e con corenta habitacións dobres. Dá traballo a dez perosas por semana, que poden chegar a ser ata 20 nas fins de semana, e ofrecen un menú variado cada día do ano.

Pero, para chegar ao éxito actual, o dono deste establecemento pasou 35 anos da súa vida fóra da súa vila natal (Toques), aprendendo a profesión de hosteleiro en Barcelona, Bilbao, Donosti, Montecarlo e Londres, cidade na que pasou 26 anos e na que formou a súa familia.

Ledicia Trillo
Melide

Cando marchou de Toques con 14 anos e comezou a gañar a vida fóra, ¿sempre tivo idea de regresar?

Si, para establecerme en Melide. A verdade é esa.

¿E como se atreveu a montar un establecemento tan grande?

Dábame medo que de algo pequeno non puidera quitar para comer. Pensei que era como cando eu marchei, pero non. A verdade é que isto cambiou moito, agora é moi diferente.

¿En qué sentido?

Pois en todos. Antes non pasaban turistas por aquí e agora pasan moitos. O campo está un pouquiño mellor do que estaba antes. Na gandeiría, aínda que hai menos xente dedicada a ela, as explotacións que son grandes, de cincuenta vacas ou máis, e antes eran de catro ou oito. E todo isto, parece que non, pero é máis forza, máis poder adquisitivo.

Entón atopouse cunha sorpresa...

Pois si. Antes viña de vacacións, pero pouco tempo. Non sabía realmente o que había interiormente e quedei sorprendido, si.

¿Que aspectos, dos aprendidos en Londres, importou vostede para o seu negocio?

Alí apréndense moitas culturas, porque en calquera lugar remoto de Londres hai restaurantes indios, árabes, galegos ou de calquera parte do mundo. Alí podes apren-



Eduardo Blanco abriu o Hotel Carlos en 1996

der unha cultura de cociña de todos os países para ofrecer aos clientes despois.

¿O Hotel Carlos oferta pratos dese tipo?

Se nolo demandan si.

“Adaptarse ao lugar no que estás e manter prezos estables”

Podemos facer comida chinesa, rusa, polaca ou árabe sen ningún problema. Tamén hai moitos turistas que piden curry, pizzas, pastas, carne á pementa, etc. Incluso sabemos facer comida xaponesa. E, por suposto, os ingleses soen pedir ovos con bacon pola mañá, ou té inglés, que tamén temos. Así, os clien-

tes extranxeiros poden sentirse como na súa casa e vanse moi contentos. Eses mandan despois a outros, e nós vivimos diso. Estamos sempre moi pendentes do cliente.

Con todo isto, o Hotel Carlos ten que ser un negocio rendible...

Non me queixo, vaime bastante ben. Temos épocas máis e épocas menos, como todos os negocios.

Pero funcionamos moi ben sobre todo as fins de semana. Sempre hai cheo completo no comedor. Non coñecín aínda un sábado con cincuenta persoas, sempre con moitas máis. E nas habitacións é máis variable, pode haber chea unha planta, dúas ou tres,

non é algo fixo, pero o restaurante está cheo todos os sábados.

¿Que diría vostede que ofrece o Carlos que non ofrecen outros establecementos hosteleiros de Melide?

Home, todos os hosteleiros ofrecen o mellor

que poden... Pero nós, pois ofrecemos uns bos menús, variados, todos os días do ano, logo temos uns bos mariscos, boas carnes e bos pescados, e tamén unha boa selección de postres. E no hotel, pois habitacións amplas, moi limpas e ben amobladas.

¿Como ve o sector da hostelería de Melide hoxe? ¿Que lle falta?

Pois un pouco máis de acordo entre todos para ter uns prezos un pouquiño máis dignos, e evitar así que exista tanta competencia desleal.

¿E que lle sobra?

Sóbralle material de calidade. Aquí pódense conseguir moi boas carnes e moi boas verduras. Nós comprámolas case todas de aquí. E para o pescado vamos ás lonxas de A Coruña, Marín ou Vigo.

Como empresario con experiencia neste sector, ¿cales cre que son as claves do éxito en Melide?

Adaptarse ao lugar no que estás, o primeiro. Coller os costumes de aquí, adaptarse ao que comen e ao que lles gusta. E ter uns prezos estables, iso é moi importante. Non se pode ter hoxe un prezo e mañá outro, ten que ser estable e adaptado ao que a xente pode, aos soldos e aos prezos de aquí. Non podes pensar que en Inglaterra este prato valía 50 euros, porque aquí só podes cobrar 5 ou 6

“En Melide sobra material de calidade en carnes e verduras”

euros polo mesmo prato.

¿Que proxectos de futuro ten o Hotel Carlos?

Cada ano renovo un pouquiño. Agora penso preparar o xardín, facer a carpa máis ampla e pechar a terraza para que nos sirva para verán e inverno. Isto é o que está xa case para acabar. Nun futuro máis lonxano, pois igual modernizar as instalacións do comedor.

Faite oír
con nosa voz

Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 7. 15 de xuño - 15 de xullo de 2005. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com



Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)



Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158

